

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - [Dimensión 2. Recursos](#)
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - [Dimensión 3. Resultados](#)
 - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster universitario en Estudos da literatura e da cultura
Mencións/Especialidades	—
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	—
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	—
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2013-2014
Data acreditación ex ante (verificación)	25.09.2013
Data renovación acreditación	24.02.2022

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1.1.- Relevancia do MELC no contexto universitario galego, estatal e internacional

Entre os cursos 2018-2019 e **2023-2024** (destácanse en cor vermella os datos relativos ao curso académico obxecto de autoinforme), o Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) demostrou a súa relevancia dentro da oferta universitaria galega, estatal e internacional, ao continuar recibindo alumnado procedente destes tres ámbitos xeográficos (véxase **INF 16** - Informe de procedencia xeográfica, [4314246_INF16_2023-2024.pdf](#), dispoñíbel na Aplicación de Axuda para os Sistemas de Xestión [AASX]).

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados amosou unha tendencia globalmente ascendente, cunha diminución significativa só no curso 2018-2019, seguida dun incremento notábel: 15,15% (2019-2020), 26,32% (2020-2021), 22,86% (2021-2022), 24,14% (2022-2023) e **30% (2023-2024)**. Estas cifras confirman de maneira inequívoca a vocación internacional do MELC, así como a confianza e prestixio que inspira tanto no ámbito estatal como internacional.

1.1.2.- Novidade, interdisciplinabilidade e especialización

A oferta do MELC mantense innovadora ao analizar a relación entre literatura, novos medios tecnolóxicos, cinema, artes e diversidade de xénero, social e cultural. Proporciona unha visión aberta e unha metodoloxía ampla para o estudo de distintas literaturas e culturas, ofrecendo unha formación teórico-práctica avanzada en análise textual da literatura e da cultura no mundo. O nivel de especialización que ofrece permite consolidar e ampliar as competencias adquiridas nos estudos de grao.

Así mesmo, este mestrado prepara o alumnado para o ámbito das industrias culturais, dotándoo das ferramentas necesarias para desenvolverse profesionalmente en entidades públicas ou privadas, así como para emprender en sectores relacionados coa consultoría, a mediación ou a xestión cultural.

1.1.3.- Vinculación coa sociedade e adaptabilidade ás novas demandas

O MELC procurou manter, ao longo dos anos, unha oferta formativa relevante e acorde coas demandas da sociedade actual, atendendo ás necesidades do contorno profesional. Esta vinculación maniféstase en accións e proxectos que fortalecen tanto a docencia como a investigación, sempre orientadas á formación de persoas comprometidas cos desafíos da colectividade.

A constante renovación de contidos garante a solidez da oferta académica no eido das Humanidades, abrindo o mestrado a disciplinas como estatística, economía, socioloxía, turismo cultural, moda ou humanidades dixitais, áreas que reflicten as novas esixencias do contorno. Algúns Traballos de Fin de Mestrado (TFM dende agora) constitúen exemplos ilustrativos

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

destas perspectivas innovadoras.

<i>Título do TFM</i>	<i>Data de defensa</i>	<i>Cualificación</i>
<i>Historia e memoria da Segunda Guerra Mundial en Dora Bruder de Patrick Modiano e Le rapport de Brodeck de Philippe Claudel</i>	18.07.2024	Matrícula de Honra
<i>Reescrituras inclusivas. Reinterpretación e reelaboración intermedial na construción das novas identidades do Rei Artur, a Raíña Carlota, Macbeth e Hamlet</i>	24.07.2024	Matrícula de Honra
<i>Danzando (n)os límites do visible. Sobre o concepto da “Dobre Visión” de Olga Mesa</i>	18.07.2024	Notábel
<i>Da modernidade líquida á sociedade do rendimento: unha exploración de Bauman e Han no contexto dixital</i>	22.07.2024	Sobresaliente
<i>William Burroughs: de autor a mito</i>	24.07.2024	Notábel
<i>Poesía multimedia de difusión online. Achegamento teórico e a través de corpus contemporáneo (2019-2024)</i>	22.07.2024	Matrícula de Honra
<i>Novos lectores e configuracións de xéneros literarios en redes sociais a través do caso Defreds</i>	19.09.2024	Aprobado
<i>Manuela Carbonero, unha romántica esquecida: edición e estudo de Safira e de Días de convalecencia</i>	18.07.2024	Matrícula de Honra
<i>Unha mirada feminista ás obras de Carolina Coronado</i>	19.09.2024	Aprobado
<i>Dinámicas da cultura na Galiza na actualidade: o caso da feira CULTURGAL e o campo editorial galego</i>	24.07.2024	Matrícula de Honra
<i>A narración no videoxogo indie contemporáneo (2013-2021)</i>	22.07.2024	Notábel
<i>Comparación da escrita neutra de imaxes femininas en Al faro de Virginia Woolf e Serpe branca de Yan Geling</i>	24.07.2024	Aprobado
<i>Contraste das imaxes femininas e os seus destinos nas novelas Jane Eyre, de Charlotte Brontë, e Qing Chen Zhi Lian, de Eileen Chang</i>	24.07.2024	Aprobado
<i>Loa para el día del nombre de la Reina nuestra señora: estudio y edición</i>	18.07.2024	Notábel
<i>Análise comparativa de narracións no xénero dos videoxogos</i>	22.07.2024	Notábel

Táboa 1: TFM's defendidos no curso 2023-2024

Así, o MELC ofrece unha perspectiva interdisciplinaria, transnacional e intercultural, en diálogo permanente coa identidade cultural do alumnado e do profesorado.

1.1.4.- Evolución da matrícula e perfil do alumnado

Os datos de matrícula reflicten o éxito continuado do mestrado. Desde o curso 2019-2020 (con 24 estudantes) até o 2023-2024 (30 estudantes), o número de matriculados mantívose sempre por enriba do mínimo de 20 esixido pola Xunta de Galicia.

Aínda que en ocasións o profesorado sinalou dificultades lingüísticas ou culturais de estudantes procedentes de países asiáticos, estas foron mitigadas grazas a iniciativas como os cursos de galego e castelán para estranxeiros organizados polo Centro de Linguas Modernas da USC. Cada vez con máis frecuencia, o alumnado internacional comprende a necesidade de acreditar un nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, requisito sobre o que se lles informa explicitamente desde a coordinación do mestrado. A partir do curso 2019-2020, en cumprimento do acordo do Consello de Goberno da USC (28 de febreiro de 2019), a comisión académica do mestrado esixe este nivel como condición de acceso. O profesorado tamén reforzou a atención titorial e o uso de materiais multilingües para facilitar a integración do alumnado.

O perfil do alumnado do MELC caracterízase polo seu alto nivel académico: entre 2018-2019 e 2023-2024, o 100% do alumnado accedeu cunha cualificación igual ou superior a 6, e a nota media de acceso mantívose sempre por enriba do 7,

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

acadando un máximo histórico de 8,18 no curso 2022-2023 (véxase AASX:IN06M, Nota media de acceso por preinscrición: 4314246_P.Ind_2023-24.pdf). Este dato confirma a capacidade do mestrado para atraer talento.

1.1.5.- Calidade e diversidade do profesorado

O éxito do programa susténtase, ademais, nun cadro docente altamente cualificado:

- a) Profesorado catedrático: Desde o inicio do período analizado, representou unha porcentaxe significativa do cadro docente. No curso 2023-2024, a súa participación incrementouse notabelmente, acadando un 30,77% do profesorado e un 30,13% das horas impartidas.
- b) Profesorado titular: Aínda que a súa participación descendeu por promocións a cátedra, este colectivo impartiu sempre máis do 25% das horas lectivas. En 2023-2024 representou o 28,21% do cadro docente e o 28,41% das horas.
- c) Profesorado emérito: O paso á condición de emérito non implicou desvinculación do programa. No curso 2023-2024, o profesorado emérito supuxo o 5,13% do cadro docente e impartiu o 8,37% das horas, o que evidencia o seu compromiso co mestrado.
- d) Profesorado contratado doutor: O número oscilou entre tres e sete nos últimos cursos, reflexo da capacidade do programa para incorporar novas xeracións de docentes-investigadores. En 2023-2024, este grupo impartiu o 12,89% das horas (véxase AASX:E.15 - Plan de ordenación docente, 4314246_E15_2023-2024.pdf).

Boa parte do profesorado do MELC participa en proxectos de I+D+I e pertence a grupos de investigación recoñecidos oficialmente pola Xunta de Galicia como grupos con potencial de crecemento ou de referencia competitiva.

1.1.6.- Interdisciplinariade docente

A docencia do mestrado conta coa participación de profesorado de todos os departamentos da Facultade de Filoloxía, así como de diferentes campus (Santiago e Lugo), reforzando o carácter integrador e transversal do programa. Esta diversidade fortalece a especialización en ambos itinerarios: *Estudo e edición de textos literarios* e *Estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura*.

1.1.7.- Profesorado visitante

O MELC aposta pola contratación de profesorado visitante, dentro das marxes orzamentarias dispoñíbeis, para enriquecer a súa oferta formativa. Entre os cursos 2019-2020 e 2023-2024, o porcentaxe de docentes visitantes mantívose arredor do 10% da plantilla, acadando o 17,94% no curso máis recente. Estes docentes, seleccionados por convocatoria competitiva a través da [Comisión Académica](#) (CA dende agora) do mestrado, contan con título de doutoramento e, habitualmente, prestixio internacional. Aportan metodoloxías innovadoras e redes de colaboración interuniversitarias que benefician tanto ao alumnado como ao profesorado.

Co obxectivo de manter esta cifra arredor do 10%, e dado que no curso 2022-2023 se superou ese limiar, reduciuse a tres o número de profesores visitantes no curso 2023-2024. Ademais, este profesorado colabora con actividades complementarias a través do SEFORIN (Seminario de Formación e Innovación da Facultade de Filoloxía), dirixidas ao alumnado dos mestrados do centro.

1.1.8.- Prácticas externas

O MELC apostou decididamente pola inclusión de prácticas externas, ofrecendo ao alumnado un amplo abano de perspectivas profesionais. Desde o curso 2018-2019, a oferta de prazas foi ampliada de maneira constante, superando con creces a demanda, xa que se trata dunha materia optativa solicitada habitualmente por menos do 50% do alumnado matriculado.

As prazas dispoñíbeis comprenden unha variedade de entidades, tanto públicas como privadas, o que permite ao alumnado familiarizarse co mercado laboral e coñecer de primeira man os requisitos dos distintos perfís profesionais vinculados á titulación. Esta diversidade de destinos pon de manifesto o compromiso continuado de todo o equipo docente —e

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

especialmente da coordinación académica das prácticas— coa adecuación e actualización das competencias profesionais do alumnado graduado.

Cómpre salientar que, debido ao elevado número de prazas en relación coa demanda, algunhas entidades solicitaron reducir levemente a oferta xa no curso 2019-2020, antes mesmo do inicio da pandemia, dado que non se cubrían todas as prazas dispoñíbeis. Aínda así, a evolución do número de prazas ofertadas mantívose estábel: 27, 29, 29, 26 e 27 prazas entre os cursos 2018-2019 e 2022-2023.

No curso 2022-2023 ofertáronse 20 prazas, das cales foron cubertas 15. No curso **2023-2024**, ofertáronse 28 prazas, das que foron cubertas 12. En ambos casos, todo o alumnado solicitante puido realizar as súas prácticas, sen que se producise ningún caso de exclusión.

Conclusión

A análise dos datos e a evolución do MELC entre os cursos 2018-2019 e **2023-2024** confirma a consolidación do programa como unha das opcións académicas máis relevantes tanto a nivel local como internacional. A súa capacidade para atraer alumnado de diversas procedencias xeográficas, o seu enfoque interdisciplinario e o seu continuo axuste ás demandas da sociedade actual reflicten unha formación innovadora, orientada a preparar o alumnado para os retos dun mundo globalizado e cambiante.

A calidade do seu profesorado, composto por expertos de distintas áreas do coñecemento, e a inclusión de prácticas externas, garanten unha educación de alto nivel, tanto teórica como práctica, que favorece a inserción profesional en sectores culturais, educativos e de investigación. Ademais, o mestrado demostrou ser adaptábel e sensíbel ás necesidades do alumnado, con medidas de apoio para aqueles que proceden de contornos lingüísticos e culturais distintos, o que reforza aínda máis o seu carácter inclusivo.

En resumo, o MELC conseguiu manterse como un referente académico, cultivando a excelencia na docencia e na investigación, e contribuíndo ao desenvolvemento dunha comunidade académica internacionalmente conectada. A evolución da súa matrícula, o perfil do seu alumnado e a calidade do seu profesorado avalan a fortaleza e o prestixio do programa, situándoo como unha aposta sólida para a formación de expertos nos estudos literarios e culturais contemporáneos.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.2.1.- Oferta académica e adaptación á Memoria de verificación

A oferta dos dous itinerarios, os módulos e as materias obrigatorias e optativas axústase ao establecido na Memoria de verificación aprobada en 2013 e renovada nos anos 2017 e 2022. No curso **2023-2024** non se produciron modificacións, e ofertáronse novamente todas as materias optativas dos dous itinerarios contempladas na citada memoria, coa única excepción da materia *A renovación teatral desde o século XIX*, retirada temporalmente debido ao escaso número de matriculados.

1.2.2.- Recursos humanos e materiais

Ademais de contar con suficientes recursos propios —tanto materiais como humanos— que garanten a viabilidade do

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

título, a oferta docente, as redes de colaboración investigadora e a relación docente/disciente vense enriquecidas coa participación de profesorado externo. Este profesorado comparte docencia cun profesor/a coordinador/a do MELC, o que facilita a organización académica e favorece a interacción co alumnado.

1.2.3.- Desenvolvemento das actividades académicas

O desenvolvemento das actividades académicas, así como a aplicación das metodoloxías e dos sistemas de avaliación e cualificación, realizouse conforme ao establecido na memoria verificada, o que permitiu ao alumnado acadar os obxectivos descritos. Anualmente lévanse a cabo accións destinadas a garantir o correcto desenvolvemento destas actividades, como a revisión dos programas docentes por parte da Comisión académica.

1.2.4.- Tamaño dos grupos

O tamaño dos grupos mantívose adecuado para garantir unha formación especializada e unha atención individualizada, requisitos fundamentais nun mestrado. No primeiro cuadrimestre do curso **2023-2024**, as materias comúns a ambos itinerarios contaron cunha media de **23 estudantes**, mentres que as materias optativas tiveron unha media de **7,43 estudantes**. A CA considera que unha media de dez estudantes resulta óptima para o desenvolvemento das materias máis especializadas.

1.2.5.- Grupos de docencia interactiva

A media de estudantes nos grupos de docencia interactiva mantense próxima ao valor de dez, o cal se considera axeitado. Observouse un lixeiro incremento nos últimos cursos debido ao aumento da matrícula, mais as cifras continúan a ser satisfactorias para garantir unha docencia de calidade.

1.2.6.- Participación en programas de mobilidade

Aínda que a USC leva varios anos sen convocar prazas de intercambio para alumnado de mestrados de 60 ECTS ou menos debido a dificultades de carácter loxístico, o MELC mantivo convenios activos con universidades estranxeiras (Utrecht, Borgoña, Münster, Viena e Lodzki), o que enriquece a experiencia formativa de todo o alumnado matriculado. Pero a CA quere apostar por unha maior internacionalización do MELC (**Acción de Mellora AM-02**). A este respecto e para superar os atrancos derivados dos calendarios académicos explorárase a oportunidade proporcionada pola mobilidade virtual.

Acción de Mellora AM-02: Internacionalización do MELC mediante mobilidade virtual

A mobilidade académica constitúe un dos elementos clave para o desenvolvemento de competencias internacionais, interdisciplinares e interculturais no estudantado de mestrado. Non obstante, no caso do *Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC)*, existen varios factores estruturais que dificultan a participación efectiva do alumnado en programas de mobilidade física, tanto a nivel nacional como europeo:

- A duración do mestrado é dun só curso académico, o que reduce significativamente as posibilidades de adaptación a calendarios e estruturas doutras institucións.
- A distribución semestral e a carga lectiva intensiva, especialmente no primeiro cuadrimestre, complica que o estudantado poida compatibilizar desprazamentos físicos co seguimento regular das materias do propio plan de estudos.
- Os calendarios do MELC non coinciden co dos mestrados doutros sistemas universitarios, o que impide a integración sincrónica do alumnado noutros programas presenciais.

Fronte a esta realidade, o desenvolvemento dun programa de mobilidade virtual estruturado preséntase como unha solución viable, flexible e equitativa. A mobilidade virtual permitiría ao estudantado participar en seminarios, cursos, proxectos colaborativos ou actividades académicas en liña organizadas por outras universidades, sen os condicionantes económicos nin loxísticos asociados ás estadias físicas. **Data de inicio:** 01.07.2025. **Data prevista de finalización:** 01.09.2027 (véxase **AM-02- Informe Acción de Mellora**)

Conclusión

A oferta de itinerarios e materias do MELC axústase ao previsto na Memoria de verificación. As actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación permiten a adquisición efectiva das competencias, e o tamaño dos grupos é axeitado para a realización das actividades formativas cun alto nivel de calidade.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan

de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.3.1.- Mecanismos de coordinación docente e garantía da adquisición de competencias

Ao longo dos últimos cursos, a coordinación do MELC desenvolveu un labor de atención titorial exhaustivo. Este seguimento realizouse mediante reunións periódicas co alumnado, así como a través do correo electrónico, titorías presenciais e a aula virtual de coordinación, que se actualiza cun atraso máximo de 24 horas desde a recepción de información relevante. Estas reunións foron fundamentais para resolver dúbidas, detectar posíbeis problemas e completar ou aclarar a información recibida polo alumnado.

1.3.2.- Coordinación horizontal e vertical

A coordinación horizontal e vertical entre as distintas materias do plan de estudos está pilotada pola [CA](#), que revisa anualmente os programas docentes. Esta revisión pon especial atención na coordinación entre o profesorado e os resultados derivados da mesma. En cursos anteriores deseñáronse e implementáronse accións de mellora que, co tempo, se consolidaron como boas prácticas habituais do MELC, facilitando a integración eficaz entre materias. Cada vez que se solicitaban os programas docentes, lembrábaselle ao profesorado a importancia de elaborar os contidos, a metodoloxía e a avaliación de maneira coordinada, especialmente no caso de materias compartidas. Ademais, indicábaselles a posibilidade de organizar, se fose pertinente, sesións conxuntas de titoría ou presentacións colectivas. Co obxecto de mellor a organización da CA, no curso 2024-2025 procedeuse á súa reorganización en termos de representatividade, que xa non opera polo criterio de «área de coñecemento», senón por itinerario: *Itinerario de Estudo e Edición de Textos Literarios* e *Itinerario de Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura*. Dita reorganización responde á [Acción de Mellora AM-05](#).

Acción de Mellora AM-05: Coherencia na representatividade das/os membros da Comisión Académica do MELC

A comisión académica do *Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* (MELC) é o órgano colexiado encargado da supervisión, coordinación e seguimento académico do programa. Ata o momento, a súa composición —ademais dos membros natos— baseábase na representación por áreas de coñecemento. Porén, esta fórmula resultaba pouco operativa debido ao elevado número de áreas implicadas no mestrado, o que dificultaba a toma de decisións e non reflectía con precisión a estrutura académica real do plan de estudos.

O MELC está organizado en torno a dous itinerarios formativos principais: o *Itinerario de Estudo e Edición de Textos Literarios* e o *Itinerario de Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura*. Para garantir unha representación equilibrada, eficaz e alineada coa organización curricular do mestrado, acordouse (Acta da reunión ordinaria da CA do **26 de xuño de 2024**, Punto 3; AASX) substituír o criterio de representación por áreas polo de representación por itinerarios.

Así, dos nove membros non natos que compoñen a comisión académica, catro foron designados por cada itinerario formativo, mentres que o noveno membro representa a única área de coñecemento non filolóxica con docencia no mestrado: historia da arte.

Membros natos

Presidenta/e da Comisión

Responsábel de Calidade do Centro

Responsábel da Unidade de Xestión do Centro

Coordinador/a do Título

Secretaria/o da Comisión

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Itinerario en Estudo e Edición de Textos Literarios	Membro 1
	Membro 2
	Membro 3
	Membro 4
Itinerario en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura	Membro 1
	Membro 2
	Membro 3
	Membro 4 e Responsábel da Partida Económica do extinto Master Mundus «Crossways in Cultural Narratives»
Área non filolóxica Representación estudantil	Membro 9
	Representante do Itinerario en Estudo e Edición de Textos Literarios
	Representante do Itinerario en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura

Táboa 2: Reorganización da CA do MELC

Este cambio responde á necesidade de reforzar a funcionalidade da comisión, asegurar unha representación real e proporcional dos contidos formativos e mellorar a gobernanza académica do título, permitindo unha xestión máis eficiente e coherente co deseño e a orientación do propio plan de estudos. Como resultado do cambio descrito e aprobado, a composición da [CA](#) é a seguinte:

**Estudos da
Literatura e da
Cultura Máster
Universitario**

Comisión académica

A comisión do título é o órgano colexiado que ten como misión ocuparse das cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa.

- **Elias José Feijó Torres:** profesor, decano, presidente da comisión.
- **Alejandra Ulla Lorenzo:** profesora, vicedecana e responsábel de calidade do centro.
- **Rosalía Meitín Suárez:** responsábel da unidade de xestión de centro e departamentos.
- **César Pablo Domínguez Prieto:** profesor e coordinador do mestrado.
- **Anxo Abuín González:** profesor e representante do itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura.
- **María José Alonso Veloso:** profesora, responsábel das prácticas académicas externas e representante do itinerario de estudo e edición de textos literarios.
- **Helena de Carlos Villamarín:** profesora e representante do itinerario de estudo e edición de textos literarios.
- **Ana Gloria Chouciño Fernández:** profesora e representante do itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura.
- **Manuel García Martínez:** profesor e representante do itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura.
- **Antonio Jesús Gil González:** profesor e representante do itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura. Responsábel da partida orzamentaria do extinto Master Mundus "Crossways in Cultural Narratives", adscrita ao MELC.
- **Rosa Marta Gómez Pato:** profesora e representante do itinerario de estudo e edición de textos literarios.
- **Javier Gutiérrez Carou:** profesor e representante do itinerario de estudo e edición de textos literarios.
- **Xosé Nogueira Otero:** profesor e representante doutras especialidades.
- **María Xesús Nogueira Pereira:** profesora e secretaria da comisión.
- **Marcos Amado Rodríguez:** representante do estudantado para o itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura.
- **Andrea Ocampo Caseiro:** representante do estudantado para o itinerario de estudo e edición de textos literarios.

Imaxe 1: Composición da CA do MELC (2024—)

Cómpre notar que o Prof. Dr. Antonio Jesús Gil González, coordinador do extinto Master Mundus «Crossways in Cultural Narratives», que compartiu estrutura académica co MELC, é o responsable da partida orzamentaria do devandito Master Mundus, que agora se integra como remanentes nos fondos do MELC (Acta da reunión ordinaria da [CA](#) do MELC do 14 de novembro de 2024, Punto 3 en AASX). **Data de inicio: 02.09.2024. Data prevista de finalización: 14.09.2024** (véxase [AM-05-Informe Acción de Mellora](#))

O profesorado visitante contou, tanto para a xestión como para o desenvolvemento da docencia, co apoio permanente da coordinación do mestrado e do profesorado responsábel da proposta ou da materia compartida. No caso de materias con varios docentes, prestouse especial atención á delimitación dos contidos e á harmonización dos criterios de avaliación para evitar a sobrecarga do alumnado. Limitouse tamén o número de docentes por materia, especialmente nas asignaturas de seis créditos do primeiro cuatrimestre, para facilitar unha mellor coordinación.

As enquisas de satisfacción do alumnado reflicten unha mellora significativa na organización do mestrado. Despois duns anos iniciais con resultados menos positivos (2013-2016), as valoracións do profesorado no que respecta á organización e planificación do mestrado mantéñense consistentemente por riba de 4 (nunha escala de 0 a 5). Aínda que para o curso 2020-2021 non se dispoñen datos, os resultados dos cursos 2022-2023 e 2023-2024 amosan unha tendencia positiva, con puntuacións próximas ou superiores ao 4,2.

Ano	O profesorado explica o programa e o sistema de avaliación	O profesorado cumpre o programa e o plan de traballo	O alumnado coñece con antelación os criterios de corrección	O profesorado organiza ben as clases
2019-2020	4,67	4,53	4,45	4,42
2020-2021	N/A	N/A	N/A	N/A
2021-2022	4,50	4,56	4,22	4,44
2022-2023	4,41	4,46	4,32	4,15
2023-2024	4,52	4,44	4,26	4,34

Táboa 3: Análise da Coordinación Docente

O indicador de satisfacción global das/os graduadas/os coa titulación, que inclúe a percepción sobre a planificación e coordinación entre docentes, acadou unha puntuación de 3,50 no curso 2023-2024, mantendo unha evolución ascendente desde 2016-2017 (3,07). A única excepción foi o curso 2020-2021, cunha caída atribuíbel ás incidencias da pandemia, que foi seguida de recuperacións progresivas nos cursos posteriores.

1.3.3.- Coordinación nas prácticas externas

As prácticas externas ofértanse desde o curso de implantación do mestrado (2013-2014), con valoracións moi positivas por parte do alumnado. A pesar das dificultades provocadas pola pandemia en 2020-2021, a media de satisfacción foi de 4,1 (sobre 5). En 2021-2022 acadouse un 4,89, mais nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 produciuse un descenso significativo (2,11 e 2,56, respectivamente). A CA permanece atenta á evolución destes datos para determinar se se trata dun fenómeno puntual ou dunha tendencia que require intervención. De non producirse unha mellora nos resultados correspondentes a 2024-2025 reflexionárase sobre que accións de mellora poden ser máis produtivas.

A coordinación das prácticas xestiónase a través da colaboración entre titores académicos e titores profesionais. Cada estudante conta cun titor académico e cun titor profesional na empresa ou entidade. A coordinación do mestrado involúcrase directamente en todo o proceso: busca de novos destinos, convocatoria anual, comunicación co alumnado e seguimento das prácticas. A mellora na xestión vén consolidándose desde o curso 2016-2017 coa creación da Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía, que permitiu mellorar a coordinación entre os distintos axentes implicados e adiantar a publicación da convocatoria, asegurando a súa resolución antes do inicio do segundo cuatrimestre.

Conclusiones

O presente análise confirma que o MELC conta con mecanismos de coordinación docente eficaces, tanto horizontais como verticais, que aseguran a integración dos contidos e metodoloxías entre as distintas materias do plan de estudos. Estes mecanismos contribúen de forma decisiva á calidade organizativa do título, como demostran os resultados positivos nas enquisas de satisfacción do alumnado.

No que respecta ás prácticas externas, os sistemas de coordinación establecidos entre o profesorado titor e os centros colaboradores permitiron que o alumnado adquirise as competencias previstas. Con todo, seguírase a evolución das valoracións para detectar posibles áreas de mellora. En liñas xerais, a xestión do mestrado demostrou ser flexíbel e capaz de adaptarse a contextos cambiantes, contribuíndo así á súa consolidación e éxito sostido.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do alumnado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.4.1.- Coherencia entre o perfil de ingreso e o perfil real do alumnado

No curso **2023-2024** mantívose a coherencia entre o perfil de ingreso especificado na Memoria de Verificación e o perfil real do alumnado matriculado. O 100 % dos estudantes pertencen á rama de Artes e Humanidades, cunha maioría procedente de áreas como Humanidades e Filoloxías (Estudos de galego e español, Linguas e literaturas modernas, Lingua e literatura galegas, Lingua e literatura españolas, Lingua e literatura inglesas, entre outras), tal e como se recolle no documento *12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia* (AASX: [4314246_I2_2023_2024.pdf](#)).

A maior parte do alumnado matriculado conta cunha sólida formación previa en ámbitos como a literatura, a teoría da literatura e a literatura comparada, tal e como recomenda a memoria verificada. Este perfil académico está plenamente aliñado coa metodoloxía ampla e multidisciplinaria do MELC, que permite un enfoque diverso no estudo das distintas literaturas e culturas.

1.4.2.- Evolución do perfil do alumnado e da súa procedencia xeográfica

No que respecta á orixe xeográfica do alumnado, obsérvase unha evolución significativa no número de estudantes procedentes de fóra de Galiza. A porcentaxe de alumnado foráneo experimentou un importante incremento nos últimos anos. Así, mentres no curso 2016-2017 representaba só un 3,7 % e no 2017-2018 acadaba o 8 %, nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 ascendeu ao 18,18 %. Posteriormente, rexistrouse un descenso no 2020-2021 (10,53 %) e nos cursos 2021-2022 (5,7 %) e 2022-2023 (4,5 %). Non obstante, no curso **2023-2024** produciuse un incremento notábel, acadando o **23,3 %** de estudantes procedentes de fóra de Galiza (véxase AASX: [4314246_INF16_2023-2024.pdf](#)). Este incremento é un claro indicador do crecemento do interese que esperta o programa tanto a nivel estatal como internacional. Desde a coordinación do mestrado trabállase activamente para consolidar esta tendencia e promover aínda máis a diversidade na procedencia do alumnado.

1.4.3.- Apoio ao alumnado estranxeiro e de fóra de Galiza

Así mesmo, consolidouse a práctica de informar ao alumnado de novo ingreso —especialmente ao estranxeiro e ao procedente doutras comunidades autónomas— sobre os cursos de lingua, literatura e cultura galegas ofertados pola Facultade de Filoloxía, así como sobre os obradoiros organizados polo [Servizo de Normalización Lingüística](#) da USC, a [Comisión de Normalización Lingüística](#) da Facultade de Filoloxía e o [Centro de Linguas Modernas](#). Este apoio complementario contribúe de maneira decisiva á integración do alumnado e facilita unha mellor comprensión e valoración do contexto cultural galego.

1.4.4.- Conciencia do profesorado sobre a diversidade do alumnado

O profesorado do mestrado é plenamente consciente da diversidade de perfís do seu alumnado, tanto en termos de formación académica previa como de procedencia xeográfica. Este coñecemento permite unha adaptación pedagóxica que ten en conta as distintas necesidades e fortalezas do alumnado, favorecendo un ambiente de aprendizaxe inclusivo, respectuoso e intelectualmente enriquecedor.

Conclusións

En síntese, o perfil de ingreso do alumnado do MELC continúa sendo coherente co perfil definido na memoria verificada, garantindo que o alumnado dispoña da formación previa adecuada para afrontar con éxito os retos do programa. A progresiva incorporación de alumnado procedente de fóra de Galiza reflicte a crecente visibilidade e atractivo do título no ámbito estatal e internacional. A implementación de medidas específicas de apoio ao alumnado foráneo, xunto coa sensibilidade do profesorado ante a diversidade de perfís, constitúen factores clave para asegurar a integración plena e unha experiencia formativa satisfactoria e de calidade.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/mestrado, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.5.1.- Normativa fundamental

Durante o período 2019-**2024**, resultaron especialmente relevantes para o desenvolvemento adecuado do título as seguintes normativas institucionais:

1. **Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado da Universidade de Santiago de Compostela**
Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, tiña como obxectivo unificar nun único texto toda a normativa aplicábel aos estudos de grao e mestrado universitario, regulando aspectos como a estrutura dos órganos académicos, a composición e funcións das comisións de titulación, ou os procedementos de proposta e modificación de títulos. Esta normativa foi derogada e substituída polo novo regulamento aprobado o 28 de outubro de 2022. [[Documento - Versión 2022](#)]
2. **Estatuto do Alumnado**
Aprobado polo Claustro Universitario o 28 de novembro de 2019 e publicado no DOG o 13 de xaneiro de 2020, este Estatuto substituíu ao anterior, vixente desde 1998. Regula os dereitos e deberes do alumnado, así como a súa participación na vida universitaria. [[Estatuto](#)]
3. **Regulamento de Planificación Académica da USC**
Aprobado polo Consello de Goberno o 20 de decembro de 2019 e modificado o 24 de xullo de 2020, este regulamento substituíu as planificacións anuais previas co obxectivo de dotar de maior estabilidade o proceso de planificación docente. O Acordo do Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2023 aprobou a modificación do Regulamento de Planificación Académica. [[Texto Consolidado](#)]
4. **Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía**
Publicado o 20 de febreiro de 2020, foi aprobado pola Xunta de Facultade o 24 de xaneiro de 2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 7 de febreiro do mesmo ano. Supuxo a derogación do regulamento anterior de 2005. A súa implementación incluíu unha fase transitoria para a reorganización das comisións delegadas, que se viu demorada pola pandemia da COVID-19, facéndose efectiva no curso 2020–2021. [[Regulamento](#)]

1.5.2.- Mobilidade do alumnado

Segue vixente o *Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da USC*, aprobado polo Consello de Goberno o 26 de outubro de 2012 (DOG, 28 de novembro de 2012), que regula todos os aspectos dos programas de mobilidade: convenios, coordinación, funcións dos axentes implicados, convocatorias, requisitos, acordos de estudos, recoñecemento de créditos, etc. Foi modificado pola Resolución do 4 de setembro de 2019. [[Resolución](#)]

Cómpre ter en conta tamén as seguintes disposicións complementarias:

- Acordo do 3 de marzo de 2017 sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio, que regula as equivalencias de cualificacións, incluíndo mencións como Matrícula de Honra. [[Acordo](#)]
- Modificación deste acordo, aprobada o 24 de maio de 2018. [[Modificación](#)]

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

- Modificación do regulamento de intercambios, aprobada o 18 de xullo de 2019 e publicada o 12 de setembro de 2019. [\[Modificación\]](#)

1.5.3.- Recoñecemento de créditos

O recoñecemento de créditos realízase conforme á normativa vixente desde 2008. [\[Acordo\]](#)

Destaca en particular o [Acordo do Consello de Goberno do 5 de xullo de 2016](#), que consolida criterios para o recoñecemento de:

- Actividades universitarias culturais, deportivas, solidarias, de representación estudantil ou cooperación.
- Coñecementos instrumentais de linguas (estranxeiras, galega, de signos).
- Competencias TIC.
- Competencias transversais para o emprego, o emprendemento ou a ética profesional.

Este acordo foi modificado por:

- [Acordo do 12/05/2017](#)
- [Acordo do 10/07/2018](#)

Tamén é de aplicación a *Resolución Reitoral do 15 de abril de 2011*, que establece o procedemento para o recoñecemento de competencias en estudos de grao e mestrado:

- [\[Versión inicial\]](#)
- [\[Modificación\]](#)

Por último, a [Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016](#) regula o procedemento para a solicitude e xestión do recoñecemento de competencias transversais:

1.5.4.- Prácticas externas

O [Regulamento de prácticas académicas externas](#), aprobado en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, regula todos os aspectos relativos ás prácticas: oferta, xestión, funcións dos distintos axentes implicados, establecemento de convenios, duración das prácticas, obxectivos, competencias, requisitos, etc.

Como se analizou no apartado 1.2, o desenvolvemento do programa de prácticas externas foi proposto no *Informe de Seguimento da titulación do curso 2012-2013* e comezou a aplicarse no curso 2013-2014, o que motivou a elaboración desta normativa, actualmente en funcionamento normalizado.

Como consecuencia da pandemia da COVID-19, a [Resolución Reitoral do 27 de marzo de 2020](#) tivo como obxectivo paliar os efectos da suspensión temporal das prácticas externas durante o curso 2019-2020.

1.5.5.- Dispensa de asistencia ás aulas

A [Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias](#), de 27 de abril de 2017, recolle o procedemento para solicitar dispensa, as causas que a poden motivar, así como os criterios para a súa concesión ou denegación.

1.5.6.- Concesión de premios extraordinarios

Durante o curso 2019-2020 aprobouse o [Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e mestrado da USC](#) (Consello de Goberno do 20/12/2019), modificado posteriormente polo Acordo do 29/12/2020.

1.5.7.- Recoñecemento de idiomas

O [Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2019](#) regula o recoñecemento de idiomas nos títulos de grao. Por acordo do Claustro do 10/05/2019 eliminouse a esixencia de acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de grao, o que motivou a modificación do acordo do 31/10/2013 e a redacción dunha nova normativa sobre

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

recoñecemento e acreditación de idiomas.

- [\[Texto base\]](#)
- [\[Modificación do anexo\]](#)

NOTA: Non se detallan as resolucións derivadas da incidencia da COVID-19 por non ter relevancia no período obxecto deste informe (curso **2023–2024**).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información dirixida aos distintos grupos de interese do MELC publícase de maneira sistemática, estruturada e actualizada a través dos canais oficiais da USC, principalmente mediante a súa páxina [web institucional](#), así como a través da [web](#) da Facultade de Filoloxía, redes sociais e accións presenciais de difusión. Dende o curso 2024-2025 e como froito dunha nova **Acción de Mellora AM-01**, o mestrado conta así mesmo cunha [web propia](#), máis áxil á hora de actualizar información e coa posibilidade de fornecer outros datos de interese.

Acción de Mellora AM-01: Estratexia consolidada e coordinada de comunicación dixital

A presenza web é actualmente un dos principais instrumentos de visibilidade e captación de estudantes nos estudos de posgrao. A pesar de contar cunha páxina institucional e cun espazo web propio máis dinámico, o Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) carece dunha estratexia consolidada e coordinada de comunicación dixital. Esta fragmentación dificulta a actualización regular de contidos, xera certa dispersión informativa e limita o impacto que podería ter unha presenza web coherente, atractiva e multilingüe.

Ademais, o carácter crecente da competencia interuniversitaria na oferta de mestrados en humanidades e a aposta do MELC pola internacionalización e interdiscipliniedade fan necesaria unha mellora substancial da súa visibilidade online. A reorganización dos contidos, a implementación de boas prácticas en posicionamento en buscadores (SEO), a integración de ferramentas de analítica e a tradución ao castelán, inglés e portugués son medidas clave para situar o mestrado nunha posición máis competitiva e accesible para o alumnado potencial.

A acción proposta responde tamén á demanda do propio alumnado, que en sucesivas avaliacións identificou a mellora da comunicación e da difusión como un aspecto prioritario. Ademais, a presenza de graduados/os internacionais e a vontade de ampliar o radio de captación máis alá do espazo galego e estatal fan imprescindible contar cunha plataforma web clara, accesible e adaptada ás expectativas actuais. **Data de inicio:** 16.09.2024. **Data prevista de finalización:** 16.09.2025 (véxase **AM-01- Informe Acción de Mellora**)

2.1.1.- Publicación web e estrutura de acceso á información

A páxina oficial do título (<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-estudios-literatura-cultura>) constitúe o principal canal de información pública, e garante o acceso aberto a datos relevantes sobre o programa formativo, a súa estrutura, contidos, criterios de acceso e admisión, competencias, saídas profesionais, guías docentes, equipo docente, indicadores de calidade, prácticas e mobilidade (véxase Imaxe 1).

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Modalidade presencial
Rama de coñecemento Artes e Humanidades
Ámbito de coñecemento Filoloxía, estudos clásicos, tradución y lingüística.
Centro(s) Avda. de Castela, s/n, 15782 Santiago de Compostela 881811750 (Conserxaría) 881811762 (Decanato) filoloxia.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela
Coordinador/a Cesar Pablo Domínguez Prieto
Contacto cesar.dominguez@usc.gal

O máster ofrece unha completa formación que abarca dende estudos literarios e culturais ata ferramentas para a edición de textos literarios ou o campo das industrias culturais. Tradición, modernidade e diversidade conviven facendo da literatura e a cultura unha porta entre a universidade e o mundo.

- ➔ Admisión e matrícula
- ➔ Normativa
- ➔ Bolsas e axudas
- ➔ Prezos públicos
- ➔ Calendario de Másteres
- ➔ Web propia
- ➔ Vídeos informativos de materias do mestrado

Presentación	Duración: 1 ano académico Código RUCT: 4314246 Número de ECTS: 60 Número praxas: 26	Universidade coordinadora: Universidade de Santiago de Compostela Universidade(s) participante(s): Universidade de Santiago de Compostela
Desenvolvemento	Decano/a ou director/a do centro: ELIAS JOSE FELJO TORRES	Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde de 09/12/2013 (DOG 20/12/2013)
Plan de estudos	Coordinador-a do título: Cesar Pablo Domínguez Prieto (cesar.dominguez@usc.gal)	Data de publicación no BOE: 04/04/2014
Acceso e admisión	Línguas de uso: Castelán, Galego	Data da última acreditación: 03/06/2022
Obxectivos	Memoria do título	
Resultados do proceso de formación e de aprendizaxe	A variedade de liñas e contidos do Máster en Estudos da Literatura e da Cultura ofrécelle ao estudante unha completa formación que abrangue desde os estudos literarios e culturais en diversas linguas, ata as ferramentas para a edición de textos literarios ou o emerxente campo das industrias culturais.	
Mobilidade e Prácticas	Tradición, modernidade e diversidade conviven así nun máster que fai da literatura e a cultura unha porta entre a universidade e o mundo.	
Traballo fin de Máster		
Equipo docente		
Indicadores de calidade		

Imaxe 2: Web institucional do MELC

Ademais, a páxina web da Facultade de Filoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia>) organiza a información en varios niveis, que permiten un acceso progresivo desde aspectos xerais (servizos, biblioteca, campus e secretaría virtual) ata contidos específicos de cada titulación, incluíndo:

- Enlaces directos ao plan de estudos por curso ou por módulo.
- Guías docentes actualizadas anualmente.
- Información detallada sobre o TFM e as prácticas externas.
- Normativa vixente, calendarios académicos, horarios e exames.
- Indicadores de seguimento e resultados académicos.

Esta estrutura garante o acceso progresivo e áxil á información, de maneira coherente coa memoria verificada e as súas posíbeis modificacións, e adaptada ás necesidades dos distintos grupos de interese: alumnado actual e potencial, graduadas/os, profesorado, PAS, empresas e institucións. Ademais, dende 2025 o MELC conta cunha [web propia](#) que organiza dun xeito máis eficaz o acceso a información presente na [web institucional](#) ao tempo que fornece outros datos como a composición da CA, un directorio no que se detalla o órgano responsábel de cada ámbito (académico, administrativo, alumnado estranxeiro, prácticas externas, etc.), un mapa do plan de estudos, os horarios detallados das materias, unha listaxe das liñas de investigación do cadro docente e publicidade de actividades extra-académicas (véxase Imaxe 2).

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura



Estudos da Literatura e da Cultura
Máster Universitario

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

O Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) pertence á categoría dos mestrados de especialización académica para iniciarse en labores de investigación. Neste sentido, a súa continuidade lóxica, pero non exclusiva, é o doutoramento, en concreto, o [Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura](#) da USC. As súas aulas impártese en galego (*lingua propia e oficial da USC*) e/ou castelán (segunda lingua oficial). O estudantado nas súas interaccións orais e escritas usará a lingua oficial da súa preferencia (recoméndase coñecer o [Regulamento de Usos Lingüísticos da USC](#)). A sección "Linguas de uso" de cada materia no [Plan de estudos](#) informa da/s lingua/s de impartición.

O MELC é un *mestrado presencial* que se imparte en *horario vespertino*, nunha franxa que vai das 16:00 ás 20:15hs., con variacións que obedecen aos horarios específicos das materias escollidas (preme no horario de cada materia no [Plan de estudos](#) da web institucional). En función da súa presencialidade, o método de avaliación dominante é a *avaliación continua*, cun forte compromiso pola participación activa e crítica nas aulas e a aprendizaxe colectiva.

Este mestrado organízase en dous itinerarios de especialización trala realización do módulo de materias obrigatorias comúns: *Itinerario de estudo e edición de textos literarios e itinerario de estudos teóricos e comparados da literatura e a cultura*. Ademais, ofrece a posibilidade de realizar *prácticas externas*, que melloran a formación en determinados aspectos prácticos e profesionais. Finalmente, remata co *Traballo de Fin de Mestrado* (TFM), un traballo de investigación con libre escolla de tema e titulación por parte dun/dunha especialista na materia. Un complemento chave de toda a formación fornecida polo mestrado é a serie de [actividades extraacadémicas](#), que cada ano académico se abre con sesións de inauguración e clausura.

Directorio	Comisión académica	Plan de estudos	Horarios
Traballo de Fin de Mestrado (TFM)	Prácticas Académicas Externas (PAE)	Quen somos	Actividades extraacadémicas

Imaxe 3: Web propia do MELC

2.1.2.- Actualización e coherencia

A información publicada é revisada e actualizada anualmente antes do inicio do período de matrícula (mes de xullo), en cumprimento da normativa interna (ver Criterio 1, Apartado 1.5). Ademais, mantense dispoñíbel información histórica de utilidade, especialmente no caso do TFM ou das prácticas externas.

Desde o curso 2020-2021, a USC iniciou un proceso de renovación progresiva dos espazos web institucionais, mellorando a accesibilidade (especialmente dende dispositivos móbiles), a coherencia visual e a funcionalidade na procura de contidos. Esta renovación contribuíu a reforzar a transparencia e a usabilidade da información publicada.

2.1.3.- Canais complementarios de difusión

Ademais dos dous espazos webs mencionados (institucional e propio), utilízanse outros medios para garantir a adecuada difusión da información relevante:

- Redes sociais institucionais (Twitter/X, entre outras).
- Pantalla dixital e paneis informativos no acceso ao centro.
- Material impreso (trípticos, marcapáxinas) dirixido ao alumnado potencial, distribuído en actividades como o programa A Ponte entre o ensino medio e a USC.
- Sesións informativas sobre matrícula, prácticas, mobilidade, elaboración do TFM ou a oferta de mestrados.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Desde o curso 2021-2022, está operativa tamén unha [intranet](#) da Facultade de Filoloxía, accesíbel dende a web principal da Facultade e restrinxida á comunidade universitaria, que ofrece información específica sobre a xestión académica, comisións, ocupación de aulas, programas de mobilidade e eventos.

2.1.4.- Actividades específicas de difusión do título

Durante o curso **2023-2024**, organizáronse diversas accións de promoción do MELC e outros mestrados da Facultade, dirixidas a alumnado do SUG e a persoas tituladas con perfís afíns. Estas accións incluíron:

- a) Sesións informativas presenciais con exposición dos contidos e das saídas profesionais dos mestrados.
- b) Presentación de TFMs de cursos anteriores.
- c) Participación nas campañas institucionais de promoción de mestrados da USC.

Os resultados destas accións mídense mediante indicadores como o número de persoas participantes, o seu nivel de satisfacción (a través de enquisas ou encontros) e o número de actividades desenvolvidas ao longo do curso.

Conclusión

A Facultade de Filoloxía proporciona información pública suficiente, obxectiva, actualizada e facilmente accesíbel sobre o MELC, en consonancia coa memoria verificada e coas súas posíbeis modificacións. Esta información atende eficazmente as necesidades dos distintos grupos de interese. Ademais, a coordinación do título conta cunha aula virtual específica para a coordinación académica, que facilita a xestión interna e a comunicación co alumnado.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvólense de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O MELC intégrase plenamente no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que dispón dos mecanismos necesarios para a recollida sistemática de información, a detección de puntos febles, a proposta de accións de mellora e o seguimento da súa execución, conforme ao establecido.

A recollida de información realízase, entre outras vías, a través das enquisas de satisfacción elaboradas pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos (ACMP dende agora) da USC, co obxectivo de avaliar distintos aspectos do funcionamento académico e organizativo do título. Co fin de fomentar a participación do alumnado e do profesorado nestas enquisas, desde o centro difúndese a convocatoria mediante as pantallas informativas da Facultade, correos electrónicos ás listas de distribución e publicacións nas aulas virtuais.

A Comisión Académica e a Comisión de Calidade do Centro son os órganos responsábeis do seguimento da calidade do título. As súas composicións e actas están dispoñíbeis publicamente na páxina web institucional: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>.

Ademais da información proporcionada polo ACMP, o centro realiza tres tipos de enquisas propias, cuxos resultados están accesíbeis en:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/calidad/encuestas-satisfaccion>

- 1) Análise do perfil de ingreso e procedementos de captación do alumnado (dirixida a estudantes de primeiro curso).
- 2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG (dirixida a estudantes que finalizan os seus estudos).
- 3) Análise da mobilidade (dirixida a estudantes participantes en programas Erasmus+ e SICUE, entrantes e saíntes).

No curso 2021-2022, realizáronse tamén encontros informais co alumnado de último curso para recoller a súa valoración global sobre o desenvolvemento do título.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes, así como o sistema de suxestións, queixas e reclamacións, desenvólense conforme ao SGIC da Facultade e á normativa vixente. Desde o

ano 2018, está dispoñíbel un formulario específico para o envío destas achegas a través da web, actualmente substituído por un formulario en liña máis accesíbel.

En conxunto, os mecanismos previstos no SGIC permiten un seguimento rigoroso e participativo da calidade do título, facilitando a toma de decisións e a implantación de accións de mellora fundamentadas en evidencias.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020-2021 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación do MELC. As tarefas de análise, reflexión e elaboración do autoinforme desenvóléronse nos primeiros meses de 2021, culminando coa reunión da comisión externa o día 22 de xuño. A Comisión Académica do MELC participou activamente en todo o proceso, en coordinación coas restantes comisións académicas de grao e mestrado do centro, baixo a supervisión da Comisión de Calidade do Centro (CCC). Toda a documentación xerada pola CCC, incluídos os acordos deste e doutros cursos, está dispoñíbel publicamente en:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>

O autoinforme do MELC foi aprobado o 15 de abril de 2021, en primeira instancia pola CCC e posteriormente pola Xunta de Facultade. O informe provisional de renovación da acreditación, emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o 20 de xaneiro de 2022, incluíu a valoración dos distintos criterios avaliados, así como diversas recomendacións e indicacións para a elaboración de plans de mellora. Todos estes aspectos foron atendidos pola CCC. O informe definitivo, emitido o 24 de febreiro de 2022, outorgou unha valoración **favorábel** ao proceso de renovación da acreditación do título.

Tanto as Memorias de Calidade do centro como os Informes de Seguimento do título están dispoñíbeis publicamente na web institucional, o que garante a transparencia e permite a implicación dos distintos grupos de interese na reflexión e mellora do título:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade>

Como se deduce do anterior, o MELC atópase inmerso nun proceso continuo de auto-avaliación e mellora, sustentado na análise rigorosa da información e no cumprimento das recomendacións derivadas dos procesos de verificación, seguimento e renovación. A implantación efectiva do Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro constitúe unha ferramenta clave para garantir a mellora continua do título e a incorporación das modificacións necesarias en cada fase do seu desenvolvemento.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O 22 de febreiro de 2018, a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marco coa finalidade de simplificar a súa estrutura e mellorar a súa operatividade. Este redeseño supuxo, entre outras cuestións:

- a) A eliminación dos procesos que non corresponden ao ámbito competencial dos centros, establecendo un nivel institucional.
- b) A adaptación do sistema á incorporación de novos centros.
- c) A supresión de procesos xa recollidos de forma suficiente na normativa vixente.
- d) A dotación dunha maior flexibilidade ao sistema, permitindo adaptalo ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC estrutúrase mediante un manual marco da USC e un manual específico para cada centro, que define o alcance, a estrutura e os procedementos do sistema. O *Manual de Procesos e Procedementos* establece oito procesos de responsabilidade institucional e trece de xestión nos centros, fronte aos vinte e dous procesos e vinte e seis procedementos do manual anterior.

Durante o curso 2018-2019 realizouse a revisión e mellora dos documentos clave do sistema na Facultade de Filoloxía: o *Manual de procesos* e o *Manual do sistema de garantía de calidade*. Ambos foron aprobados pola Xunta de Facultade o 27 de febreiro de 2020.

Ademais, nese mesmo curso elaborouse o novo Regulamento de Réxime Interno do centro, redactado por unha comisión designada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 30 de maio de 2017. O regulamento foi aprobado pola Xunta o 24 de xaneiro de 2020 e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 7 de febreiro de 2020.

A última revisión do *Manual de procesos* e do *Manual do sistema de garantía de calidade* foi realizada no curso 2021-2022, sendo aprobada pola Comisión de Calidade da Facultade o 7 de xullo de 2022.

Cómpre salientar tamén a relevancia do Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filoloxía para o período 2020-2022. Elaborado pola Comisión de Calidade en consonancia coa Programación Plurianual da USC (2019-2022), foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro (30/11/2020), pola Xunta de Facultade (11/12/2020) e pola Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno (03/03/2021). Este plan incorpora unha análise DAFO do centro e define liñas estratéxicas con obxectivos concretos que implican activamente a estudantes, PDI, PAS e sociedade.

O SGC e o SGIC da Facultade de Filoloxía son revisados periodicamente co obxectivo de mellorar a súa eficacia e operatividade. Os distintos grupos de interese participan a través dos órganos implicados, como a Comisión de Calidade, a Comisión Académica e o Comité Externo. Esta participación tradúcese en plans de mellora con responsábeis, prazos e seguimento, favorecendo unha cultura de calidade consolidada no centro.

Toda a documentación e evidencias relativas ao funcionamento e revisión do SGC están dispoñíbeis na web institucional:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>

En resumo, a Facultade de Filoloxía mantén unha cultura de calidade asentada, baseada na revisión continua do sistema e na implicación de todos os axentes implicados. O SGC actúa como unha ferramenta clave para a mellora continua dos títulos impartidos, entre eles o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Mestrado.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Informe Final de Renovación da Acreditación recibido o 24 de febreiro de 2022, este criterio foi valorado coa puntuación máxima. A comisión avaliadora indicou expresamente que se cumpría excelentemente. Con todo, dende a CA do MELC continúa traballando para garantir que o persoal docente e de apoio sexa suficiente e axeitado, con cualificacións acordes ás esixencias do plan de estudos, aos seus itinerarios formativos e ás competencias que o alumnado debe adquirir.

Curso	Porcentaxe
2018-2019	96,55%
2019-2020	96,65%
2020-2021	100%
2021-2022	100%
2022-2023	96,67%
2023-2024	93,1%

Táboa 4: Profesorado con sexenios recoñecidos (IN24M)

Curso	Porcentaxe
2018-2019	96,55%
2019-2020	97,22%
2020-2021	96,77%
2021-2022	96,88%
2022-2023	97,06%
2023-2024	93,94%

Táboa 5: Profesorado doutor (IN25M)

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Curso	Porcentaxe
2018-2019	82,76%
2019-2020	80,56%
2020-2021	80,65%
2021-2022	75%
2022-2023	82,35%
2023-2024	78,79%

Táboa 6: Profesorado funcionario (IN26M)

O lixeiro descenso do profesorado funcionario responde á aposta estratéxica pola incorporación de novo talento investigador e docente, como se demostra coa participación dunha investigadora Juan de la Cierva no curso **2023-2024 (2,56%** do total do PDI). O MELC tamén conta regularmente con profesorado visitante de prestixio, enriquecendo a docencia e a internacionalización do título, grazas ao apoio económico do Decanato.

En canto á formación do profesorado, a participación nos plans formativos da USC foi significativa, especialmente nos anos afectados pola pandemia. A valoración media das actividades formativas no Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) foi de 4,49 sobre 5 no curso 2020-2021 e de 4,65 no 2021-2022.

Curso	Porcentaxe
2018-2019	5,26%
2019-2020	10%
2020-2021	5,56%
2021-2022	s/d
2022-2023	s/d
2023-2024	s/d

Táboa 7: Participación do profesorado en programas de mobilidade (I10)

Dende a coordinación do MELC mantense o seguimento para fomentar novas oportunidades nesta área.

O título tamén se beneficia da organización de actividades promovidas polo Seminario de Formación e Innovación (SEFORIN), con eventos dirixidos ao alumnado de posgrao, e da implicación do Plan de Acción Titorial (PAT), que organiza actividades formativas para o alumnado de mestrado.

En resumo, o MELC conta cun cadro docente suficiente, altamente cualificado e estábel, en consonancia coa memoria verificada, e cun compromiso firme coa calidade docente, a innovación e a mellora continua.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.2.1.- Persoal de apoio

O persoal de apoio da Facultade de Filoloxía resulta suficiente para desenvolver as funcións asignadas e para atender as necesidades do persoal docente e investigador e do alumnado das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento impartidas no centro.

O persoal de administración e servizos (PAS) adscrito ao centro dispón do nivel de cualificación exixido, en consonancia co recollido na memoria verificada da titulación, e conta con experiencia contrastada nos ámbitos de xestión académica e apoio á docencia e á investigación.

A Universidade ofrece oportunidades para que este persoal poida actualizar os seus coñecementos e continuar coa súa formación, a través de programas específicos de capacitación e cursos organizados pola USC. Estas accións teñen como obxectivo mellorar a súa intervención nos procesos vinculados á calidade da docencia e da xestión académica.

Rama	Posto	Nº	Relación contractual	Grupo/Categoría
Administración	Responsábel da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1	Funcionari@	C1/A2/A1
Administración	Responsábel de Asuntos Económicos	1	Funcionari@	C1
Administración	Secretaría de Decanato	1	Funcionari@	C1
Administración	Secretaría de Departamento	4	Funcionari@	C1
Administración	Postos base	2	Funcionari@	C2
Servizos	Responsábel do Punto de Atención, Información e Servizos	1	Laboral	Grupo 4
Servizos	Axudante Técnico de Servizos	3	Laboral	Grupo 4

Táboa 8: Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Filoloxía

4.2.2.- Biblioteca

A biblioteca da Facultade conta cun equipo de persoal auxiliar **suficiente para garantir a atención a todos os usuarios**, tanto do colectivo docente como do alumnado. Este persoal desenvolve tarefas de préstamo, atención ao público, apoio loxístico e organización dos espazos e recursos.

Non obstante, o persoal técnico resulta na actualidade **insuficiente** para cubrir con total eficacia as funcións vinculadas ao proceso técnico dos fondos bibliográficos, á xestión especializada da información, ao asesoramento ao PDI, así como ao deseño e desenvolvemento das melloras previstas en materia de apoio á aprendizaxe e á investigación. Esta situación condiciona a capacidade da Biblioteca para implementar plenamente o seu plan estratéxico de innovación e servizos avanzados.

As funcións que se desempeñan actualmente no servizo inclúen:

- a) Procesado técnico dos fondos bibliográficos
- b) Tarefas de información, referencia e difusión
- c) Formación de usuarios
- d) Apoio e asesoramento ao PDI

Todo o persoal da Biblioteca dispón da cualificación necesaria para o desempeño das súas funcións, e participa regularmente en actividades formativas promovidas pola USC, orientadas á mellora do seu labor profesional.

Rama	Posto	Nº	Relación contractual	Grupo/Categoría
Biblioteca	Dirección da Biblioteca	1	Funcionari@	A1/A2/C1
Biblioteca	Axudante Biblioteca	3	Funcionari@	A2/C1

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Biblioteca

Auxiliares Biblioteca

6

Funcionari@

C1

Táboa 9: Persoal da Biblioteca da Facultade de Filoloxía

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1.1.- Espazos e dotación xeral

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñíbeis na Facultade de Filoloxía son suficientes e adecuados para o desenvolvemento das actividades docentes do MELC. O centro conta con espazos amplos, ben equipados e acondicionados para o proceso de ensino-aprendizaxe, entre os que se inclúen:

- a) Aulas docentes convencionais
- b) Seminarios
- c) Laboratorios de idiomas
- d) Aulas de informática
- e) Salas de videoconferencias

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

- f) Salas de traballo e de reunións
- g) Salón de Graos e Salón de Actos

Todos estes espazos están dotados do equipamento informático necesario, e o edificio conta con cobertura wifi completa. Pode consultarse información detallada sobre o equipamento e infraestruturas na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/equipamientos>

Cómpre sinalar que o servizo de reprografía xa non se atopa fisicamente na Facultade, sendo atendido desde a Facultade de Ciencias Económicas. Aínda que o servizo segue ofrecendo funcións como dixitalización de materiais, impresión e encadernación, o seu afastamento físico supón unha incomodidade para os usuarios.

5.1.2.- Biblioteca

A Biblioteca da Facultade conta con persoal auxiliar suficiente para garantir a atención aos usuarios, PDI e alumnado (Véxase Táboa 9). Con todo, a dotación de persoal técnico é insuficiente para cubrir a totalidade das tarefas especializadas e para implementar melloras previstas tanto no ámbito do apoio á aprendizaxe como á investigación. As funcións actuais inclúen:

- a) Procesado técnico dos fondos bibliográficos
- b) Información, referencia e difusión
- c) Formación de usuarios
- d) Asesoramento ao PDI

Todo o persoal conta coa cualificación requirida e participa regularmente en actividades de formación organizadas pola USC.

5.1.3.- Servizos de orientación e atención ao alumnado

A USC dispón de diversos servizos destinados a ofrecer apoio académico, administrativo e persoal ao alumnado, entre os que destacan:

1. Oficina de Información Universitaria (OIU): atención e asesoramento para o acceso á universidade e xestión de trámites ao longo da titulación (www.usc.es/oIU).
2. Unidades de Xestión Académica (UXA): encargadas da tramitación académica (matrícula, certificados, recoñecementos, etc.), accesíbel tamén mediante Secretaría Virtual (<http://www.usc.es/gl/servizos/uxa/>).
3. Servizo de Relacións Exteriores (SRE): xestión de programas de mobilidade e bolsas para alumnado, PDI e PAS (<http://www.usc.es/gl/servizos/ore/>).
4. Área de Orientación Laboral e Emprego: ofrece recursos e actividades para a inserción laboral e o desenvolvemento profesional (<https://www.usc.gal/gl/emprego>).
5. Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU): apoio a estudantes con necesidades específicas ou discapacidade, incluíndo adaptacións curriculares e asesoramento ao profesorado (<http://www.usc.es/sepiu>).

5.1.4.- Instalacións das prácticas externas

As prácticas externas do MELC desenvólvense en entidades seleccionadas pola súa adecuación aos contidos e competencias do título. As institucións e empresas colaboradoras dispoñen dos medios necesarios para garantir o aproveitamento formativo do alumnado. A selección dos centros de prácticas baséase en criterios de relevancia formativa e adecuación aos obxectivos do mestrado. Toda a información sobre as entidades colaboradoras pode consultarse na convocatoria máis recente (véxase <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/practicas>), correspondente ao curso **2023-2024**.

Durante o curso **2023-2024** non se rexistraron casos de estudantes con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade. En calquera caso, a USC conta cos servizos axeitados para garantir a inclusión e adaptación do currículo a través do SEPIU:

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu/sc103/apoionee.html>

Conclusión

A análise dos datos permite concluír que os recursos materiais, as infraestruturas dispoñíbeis e os servizos de apoio postos a disposición do alumnado e do profesorado son suficientes e apropiados ás características do plan de estudos e ás competencias previstas. Aínda que non se dispón de datos completos nos indicadores AASX:IN33M para os cursos 2019-2024, a avaliación cualitativa dos espazos e servizos existentes confirma a súa adecuación ás necesidades do MELC.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A partir dos datos recompilados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos, entre os que se inclúen tanto os relativos aos resultados do programa formativo como os referentes ao grao de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado, obsérvase que, nos últimos cursos, as taxas de rendemento, éxito e avaliación do MELC acadaron niveis moi destacados.

6.1.1.- Taxa de rendemento (Indicador IN34M)

A taxa de rendemento reflicte a porcentaxe de créditos superados polo alumnado en relación co total de créditos nos que se matricularon. Constitúe un indicador esencial para avaliar tanto a eficacia da docencia como a progresión académica do alumnado.

Curso	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa (%)	86,12%	82,61%	82,25%	88,04%	81,36%	85,70%

Táboa 10: Evolución da taxa de rendemento (IN34M)

O indicador mantense en valores altos durante todo o período analizado, sempre por riba do 80%, o que reflicte unha tendencia global positiva na progresión do alumnado ao longo do mestrado. No curso 2021-22 acádase o valor máximo da serie histórica, cun 88,04%, evidenciando un rendemento académico particularmente elevado. As lixeiras fluctuacións observadas, como o descenso ao 81,36% en 2022-23, non representan unha desviación significativa, xa que no curso seguinte (2023-24) a taxa remonta ata o 85,70%. A estabilidade arredor do 82–86% demostra que o alumnado amosa un alto grao de aproveitamento e que os contidos, metodoloxías e apoio académico do título están a favorecer a superación efectiva das materias.

A taxa de rendemento do MELC pode cualificarse como excelente durante o período 2018-2024. A consistencia dos datos amosa unha xestión académica eficaz e un bo nivel de implicación e adaptación por parte do alumnado. É recomendábel manter os mecanismos actuais de seguimento e reforzo, prestando especial atención aos cursos onde se producen lixeiras baixadas, co fin de identificar factores contextuais ou estruturais que poidan estar detrás deses pequenos descensos.

6.1.2.- Taxa de avaliación (Indicador IN36M)

A taxa de avaliación mide a porcentaxe de créditos nos que o alumnado se presenta á avaliación respecto do total de créditos nos que está matriculado. Trátase dun indicador relevante para coñecer o grao de participación efectiva do alumnado no proceso avaliador.

Curso	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa (%)	87,64%	83,23%	85,33%	88,96%	81,56%	85,70%

Táboa 11: Evolución da taxa de avaliación (IN36M)

A análise dos datos revela unha estabilidade moi sólida, con valores que oscilan entre o 81,56% e o 88,96%, e sempre por riba do limiar do 80%. Este feito indica que a inmensa maioría do alumnado non só formaliza a súa matrícula, senón que segue activamente o desenvolvemento das materias ata o momento da súa avaliación.

O valor máis alto da serie corresponde ao curso 2021-22 (88,96%), o que pode interpretarse como un resultado particularmente positivo, posibelmente derivado dunha mellor adaptación ás metodoloxías pospandemia e a un acompañamento académico máis eficaz. Pola contra, o curso 2022-23 rexistra o valor máis baixo da serie (81,56%), o cal, aínda que non resulta preocupante por si só, debería ser obxecto de seguimento por parte da coordinación para identificar posíbeis causas (por exemplo, cambios na planificación docente, na carga de traballo ou na motivación do alumnado). En 2023-24, a taxa recupérase ata o 85,70%, un dato que reforza a tendencia xeral de implicación elevada do alumnado no proceso de avaliación, e que contribúe a consolidar os bos indicadores de calidade do título.

6.1.3.- Taxa de éxito (Indicador IN37M)

A taxa de éxito mide a porcentaxe de créditos superados respecto dos créditos aos que o alumnado se presentou a avaliación. É, polo tanto, un indicador directo da eficacia da aprendizaxe e da adecuación entre o proceso formativo e os sistemas de avaliación.

Curso	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa (%)	98,26%	99,25%	96,39%	98,97%	99,75%	100%

Táboa 12: Evolución da taxa de éxito (IN35M)

Os valores acadan cotas excepcionais ao longo de toda a serie histórica, manténdose sempre por riba do 96%, o que é indicativo dunha altísima taxa de superación por parte do alumnado. No curso 2023-24, a taxa de éxito chega ao 100%, algo que, aínda sendo extraordinario, confirma a tendencia ascendente xa detectada nos cursos anteriores (especialmente en 2022-23, con 99,75%). Incluso nos cursos condicionados pola crise sanitaria da COVID-19 (2019-20 e 2020-21), os valores mantéñense nun nivel moi elevado (99,25% e 96,39%, respectivamente), o que pon de manifesto a capacidade de adaptación do título e do seu profesorado ás circunstancias excepcionais.

O comportamento da taxa de éxito reflicte a solidez metodolóxica do mestrado, a coherencia entre os contidos impartidos e as probas de avaliación, así como un bo nivel de preparación por parte do alumnado. O feito de que practicamente a totalidade do alumnado que se presenta aos exames supere as materias é tamén indicativo dun sistema de avaliación ben calibrado, baseado en criterios claros e adecuados aos obxectivos de aprendizaxe establecidos.

6.1.4.- Taxa de graduación (Indicador IN37M)

A taxa de graduación mide o porcentaxe de estudantes que conclúen o mestrado no tempo previsto (normalmente un ano académico). Trátase dun indicador clave para valorar a eficacia do deseño curricular, a planificación do alumnado e o acompañamento académico.

Curso académico	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa de graduación (%)	52,94%	87,50%	66,67%	92,00%	87,50%	77,27%

Táboa 13: Evolución da taxa de graduación do alumnado do MELC (Indicador **IN37M**)

A serie presenta unha tendencia xeral crecente, especialmente salientábel a partir do curso 2019-2020, no que se pasa do 52,94% ao 87,50%, cun salto cuantitativo notábel. O valor máximo da serie rexístrase no curso 2021-22 (92%), o que indica un momento de rendemento e eficiencia máximos na conclusión dos estudos dentro do prazo estipulado. A pesar dun lixeiro retroceso nos dous últimos cursos (87,50% en 2022-23 e 77,27% en **2023-24**), os datos continúan reflectindo un grao de cumprimento moi elevado. O valor máis baixo da serie, 52,94% en 2018-19, parece representar unha anomalía inicial que foi corrixida eficazmente nos anos posteriores mediante medidas específicas de mellora.

A evolución da taxa de graduación evidencia un proceso continuo de consolidación académica do MELC. Aínda que a finalización en prazo do mestrado presenta certo marxe de mellora (especialmente nos casos nos que o TFM supón un reto temporal para o alumnado), os indicadores actuais sitúanse nun nivel moi satisfactorio. Recoméndase seguir aprofundando nas accións de seguimento e orientación do TFM para estabilizar esta taxa arredor ou por riba do 90%. A este respecto no curso 2024-2025 proxectouse a **Acción de Mellora AM-03** para a súa implementación no curso 2025-2026.

Acción de Mellora AM-03: Aumento da porcentaxe do alumnado que remata o TFM no mesmo curso académico de inicio do 77,27% (2023-2024) ao 90%

O Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) presenta unha taxa de finalización do TFM no curso académico de referencia do 77,27%. Aínda que se trata dun dato positivo no contexto dos estudos de posgrao, considérase necesario aumentar esta porcentaxe ata o 90%, en coherencia cos obxectivos de eficiencia e aproveitamento académico do programa.

A experiencia acumulada mostra que un dos factores que dificultan a finalización do TFM dentro dos prazos establecidos é a falta de formación metodolóxica e transversal previa, especialmente no que respecta á planificación, redacción e defensa dun traballo académico complexo no ámbito das humanidades.

Neste contexto, a organización dun obradoiro formativo específico permite dar resposta directa ás necesidades detectadas tanto polo equipo docente como polo propio estudantado, ao tempo que contribúe a reducir desigualdades de partida, incrementar a autonomía investigadora e mellorar a calidade global dos TFM. **Data de inicio:** 09.05.2025. **Data prevista de finalización:** 30.09.2026 (véxase **AM-03-Informe Acción de Mellora**)

6.1.5.- Comparación das Taxas de Rendemento de TFM e de Graduación (Indicadores **IN18** e **IN37M**)

A análise conxunta destes dous indicadores revela unha correspondencia directa e significativa entre o rendemento do TFM e a taxa de graduación do mestrado. Nos cursos en que a superación do TFM aumenta, tamén o fai a porcentaxe de estudantes que conclúen o programa no tempo previsto.

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Rendemento TFM (%)	57,58%	53,13%	57,14%	76,47%	65,52%	62,07%
Graduación (%)	52,94%	87,50%	66,67%	92%	87,50%	77,27%

Táboa 14: Taxa de rendemento do TFM e taxa de graduación (relación directa)

O TFM aparece como o principal factor condicionante da graduación, en tanto que é o último requisito do plan de estudos e o máis complexo en termos de carga de traballo, autonomía e esixencia científica. No curso 2021-22, ambas taxas acadan os seus valores máximos (76,47% de rendemento no TFM e 92% de graduación), o que suxire que as medidas de mellora implementadas previamente tiveron un efecto positivo claro. En 2022-23 e **2023-24**, ambos indicadores experimentan un lixeiro descenso, pero mantéñense en niveis superiores á media histórica previa ao 2020, o que indica unha consolidación dos avances, aínda que con marxe para seguir mellorando. Os datos dos cursos 2018-19 a 2020-21 mostran rendementos no TFM sempre por riba do 50% pero claramente mellorábeis, e permiten identificar un punto crítico previo á estabilización observada a partir do curso 2021-22.

Os datos amosan de maneira consistente que a superación do TFM está estreitamente ligada ao éxito global do

mestrado en termos de finalización dos estudos. O seguimento personalizado do TFM, o acompañamento metodolóxico e a planificación temperá da súa elaboración son claves para mellorar ambas taxas. Así, reforzar estratexias como a publicación anticipada das liñas de investigación, as sesións de orientación e a coordinación efectiva co profesorado titor redundará directamente na mellora da eficiencia do título.

6.1.5.- Taxa de Duración Media dos Estudos (Indicadores IN38M)

Estes datos semellan confirmarse a través do indicador IN38M, que mide a duración media dos estudos en relación coa duración prevista (á que se lle asigna o valor 1). Na táboa seguinte pode observarse que, aínda que o tempo necesario para obter o título de mestrado é lixeiramente superior ao idealmente fixado nun curso académico, debido moi probablemente ao atraso na defensa do TFM por parte dalgúns/dalgunhas estudantes, as cifras do MELC mantéñense nun nivel aceptábel (véxase indicador IN38M). O indicador IN38M calcula o cociente entre a duración real media dos estudos e a duración prevista, asignándolle a esta última o valor de referencia 1 (correspondente a un curso académico no caso do MELC). Este dato permite avaliar ata que punto o alumnado finaliza os estudos no tempo estipulado.

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Duración (anos)	1,16	1,41	1,20	1,35	1,26	1,22

Táboa 15: Duración media dos estudos (IN38M)

A duración media mantense lixeiramente por riba do valor previsto (1,00) durante toda a serie, o que entra dentro da normalidade no contexto dos estudos de mestrado, especialmente cando o TFM implica un traballo individualizado con prazos variábeis. O curso 2019-20 presenta o valor máis elevado da serie (1,41), moi probablemente afectado polas circunstancias excepcionais da pandemia da COVID-19, que puideron alterar o ritmo de traballo e a defensa dos TFM. A partir dese pico, obsérvase unha tendencia xeral á redución da duración media, con valores progresivamente máis próximos ao ideal: 1,20 (2020-21), 1,22 (2023-24). No curso 2021-22 rexístrase unha subida puntual (1,35), que podería responder a un atraso acumulado ou a causas específicas no desenvolvemento dos TFM dese ano.

A duración media dos estudos no MELC é lixeiramente superior á duración prevista, pero mantense nun rango aceptábel e coherente cos estándares dos mestrados universitarios. O feito de que este valor non supere en ningún caso os 1,41 anos e tenda á estabilización arredor de 1,20 evidencia que o grao de eficiencia temporal está a mellorar. En calquera caso, sería recomendábel seguir potenciando medidas de orientación e planificación temperá do TFM, para que o alumnado poida completar o mestrado dentro do período previsto.

6.1.5.- Taxa de Abandono segundo RD 1393/2007 (IN41M)

A taxa de abandono, segundo o RD 1393/2007, reflicte a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que, podendo obter o título no curso inmediatamente anterior, non se matriculan nin nese curso nin no anterior. Este dato permite identificar posíbeis dificultades estruturais ou persoais que impiden a continuidade dos estudos.

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa (%)	11,76	8,33	9,52	4	4,17	9,09

Táboa 16: Taxa de abandono segundo RD 1393/2007 (IN41M)

A serie amosa unha tendencia xeral decrecente dende o curso 2018-19 ata 2021-22, no que se acada o mínimo histórico (4%), o que evidencia unha mellora no acompañamento e na retención do alumnado. A lixeira suba en 2022-23 (4,17%) mantén practicamente o mesmo nivel de éxito na continuidade académica. O curso 2023-24 rexistra un repunte ata o 9,09%, retornando a valores máis próximos aos de 2020-21. Este incremento, aínda non preocupante, debe ser interpretado con cautela e monitorizado para detectar causas concretas (desmotivación, dificultades co TFM, incompatibilidades laborais ou persoais, etc.). Cómpre destacar que os valores da serie son globalmente baixos, especialmente se se comparan coas taxas de abandono noutros mestrados universitarios con características similares.

O MELC amosa bos niveis de retención do alumnado, cun abandono xeral moi reducido e unha tendencia favorábel nos últimos anos. Con todo, o incremento observado en **2023-24** debe ser obxecto de análise cualitativa, co fin de deseñar medidas específicas que permitan anticiparse a posíbeis situacións de risco e reforzar os mecanismos de apoio ao alumnado que manifesta dificultades de continuidade.

Consideramos razoábel, á luz da ampla experiencia acumulada polo cadro docente do MELC, que un dos factores determinantes no atraso na defensa do TFM é a organización e xestión do tempo por parte do propio alumnado. A pesar de que desde a coordinación do mestrado se insiste de forma reiterada —tanto a nivel individual como colectivo nas distintas reunións mantidas co alumnado— na necesidade de comezar canto antes a redacción do TFM, moitos estudantes cometen erros de cálculo significativos respecto ao tempo preciso para desenvolver plenamente o traballo e inician demasiado tarde. Neste sentido, cómpre lembrar que no MELC o TFM é unha materia de elevada esixencia, como consecuencia lóxica da súa importante carga en créditos (quince), polo que unha planificación axeitada resulta imprescindible para abordar con garantías de éxito un proxecto destas características. Co obxectivo de incrementar a taxa de graduación, desde a coordinación puxéronse en marcha diversas medidas nos últimos anos.

Aínda que non todo o alumnado presentou o seu TFM no curso da súa primeira matrícula, cómpre subliñar que aqueles que o defenderon ao longo destes cursos acadaron cualificacións excelentes, tal e como se pode observar na seguinte táboa de notas medias (elaborada a partir dos datos recollidos en *TFM_MELC.completo.xlsx*).

	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Total TFM's presentados	20	17	22	27	19	19
Calificación media de los TFM's	8,31	8,14	7,12	7,9	8,6	7,9
Suspensos	1	0	2	1	0	0
Matrículas de honor	1	1	1	1	1	1

Táboa 17: Cualificacións media dos TFM's

A cifra de TFM's presentados mantense estábel ao longo do período analizado, cunha media de arredor de 20 TFM por curso. O pico máximo acádase no curso 2021-22 (27 TFM), posibelmente como resultado das medidas de apoio á finalización postas en marcha en anos previos. Os valores de 2022-23 e **2023-24 (19 TFM's)** están lixeiramente por debaixo da media, mais seguen reflectindo unha participación constante e sostida do alumnado na elaboración do TFM. Ademais, a **Acción de Mellora AM-03** debería contribuír á mellora desta indicador.

Os datos mostran flutuacións relevantes, con tres momentos destacados:

- Valor máximo no curso 2022-23 (8,60), que evidencia unha excelente valoración global dos traballos defendidos.
- Descenso acusado en 2020-21 (7,12), moi probabelmente motivado polo contexto pandémico e as súas consecuencias metodolóxicas e organizativas.
- Estabilización arredor do 7,9 nos cursos 2021-22 e **2023-24**, o que se pode interpretar como un equilibrio entre esixencia académica e rendemento do alumnado.

O número de suspensos é moi reducido ao longo de toda a serie, o que confirma o acompañamento e seguimento eficaz por parte do profesorado tutor. Só se rexistran catro suspensos en total ao longo de seis cursos, con ausencia total deles en tres cursos (2019-20, 2022-23 e **2023-24**).

Obsérvase unha extraordinaria regularidade, cunha matrícula de honra concedida en cada curso. Isto garante a existencia de traballos de excelencia académica de forma sostida, ao tempo que evita a súa concesión desproporcionada, mantendo a distinción como recoñecemento de calidade excepcional.

Como é ben sabido, no TFM o alumnado debe demostrar as competencias adquiridas ao longo de todo o curso académico. Avaliase nel a capacidade de cada estudante para dominar as ferramentas metodolóxicas no ámbito da

investigación literaria e cultural, así como a súa aptitude para aplicar os coñecementos literarios —históricos, críticos e teóricos— nun traballo de investigación que achegue perspectivas, ideas e interpretacións innovadoras e orixinais ao estudo da literatura e da cultura. Ademais, o TFM permite avaliar tamén a capacidade do alumnado para realizar unha defensa oral solvente da súa investigación, nunha perspectiva que, por suposto, transcende os aspectos meramente expositivos ou retóricos.

O obxectivo fundamental do MELC, tal e como se recolle na súa memoria de verificación, é a formación de investigadores especializados, innovadores e competentes no eido da análise filolóxica e crítica dentro dos estudos literarios e culturais. Por este motivo, o profesorado implicado no MELC mantense especialmente atento ao seguimento rigoroso e personalizado do proceso de elaboración dos TFM que titoriza, sen anular, senón ao contrario, potenciando a perspectiva crítica e investigadora do alumnado, ao tempo que se reforzan os coñecementos e habilidades desenvolto nas demais materias do programa. Este seguimento busca garantir en todo momento a calidade científica e académica dos traballos presentados, dentro dos estándares esixíbeis para a obtención dun título oficial de mestrado.

Como reflexión final sobre os resultados obtidos nos TFM, cómpre sinalar que, aínda que a evolución global das cifras é positiva, non resulta aceptábel conformarse con indicadores que, en calquera caso, poñen de manifesto que unha parte do alumnado non consegue completar os seus estudos, aparentemente, polas dificultades atopadas na elaboración do TFM. Por este motivo, desde a coordinación do mestrado seguirase a promover a posta en marcha de actividades específicas e a elaboración dos materiais previstos en accións de mellora anteriores, como a organización de xornadas de portas abertas cos posíbeis titores/as, a publicación das liñas de investigación dispoñíbeis, entre outras iniciativas orientadas a mellorar este aspecto clave do programa.

6.1.6.- Resultados en Prácticas Externas

Na materia de Prácticas Externas (6 créditos), o alumnado obtivo tamén no curso **2023-2024** cualificacións moi positivas (véxase AASX:INF.15 – Informe de acreditación das cualificacións das materias do plan de estudos, 4314246_INF15_2021-2022.pdf), acadando unha taxa de éxito, rendemento e avaliación do 100%, o que permite manter o elevado nivel de resultados obtidos nos cursos anteriores.

Prácticas en empresas	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Total estudantes	17	11	9	13	14	12
Suspensos	0	0	0	0	0	0
Non presentados	0	0	0	0	0	0
Aprobados	0	0	0	0	0	0
Notábeis	5	0	0	1	0	1
Sobresalientes	12	10	8	11	13	10
Matrículas de honra	0	1	1	1	1	1

Táboa 18: Resultados das prácticas externas (Prácticas en empresas)

A análise dos datos recollidos na táboa de resultados das prácticas externas realizadas en empresas durante os cursos 2018-2019 a **2023-2024** permite extraer diversas conclusións relevantes sobre o rendemento académico do alumnado nesta materia obrigatoria de 6 créditos do MELC.

Os datos amosan un rendemento académico excelente e sostido ao longo de toda a serie histórica. En ningún dos cursos analizados se rexistraron suspensos nin casos de estudantes non presentados, o que indica:

- Unha boa selección e axuste das prazas de prácticas dispoñíbeis ao perfil do alumnado.
- Unha coordinación eficaz por parte do equipo docente e, especialmente, da profesora responsábel da materia.
- Un grao elevado de implicación do alumnado, que supera con éxito esta materia aplicada.

As cualificacións obtidas polo alumnado reflicten unha tendencia moi favorábel:

- A maioría do alumnado acada sobresaliente en todos os cursos, con cifras que oscilan entre o 8 e o 13

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

estudantes por curso.

- A presenza de notábeis é minoritaria e irregular, con anos nos que non se rexistran ningunha destas cualificacións (por exemplo, 2019-2020, 2020-2021 e 2022-2023).
- A asignación de matrículas de honra é constante, cunha por curso nos últimos cinco anos, o que evidencia un recoñecemento á excelencia académica e profesional na realización das prácticas.

Son tendencias destacábeis:

- A estabilidade no número de estudantes matriculados nas prácticas (entre 9 e 17 por curso) indica unha oferta suficiente de prazas e entidades colaboradoras, mesmo nos anos afectados pola pandemia (2020-2021).
- A calidade das prácticas queda reforzada polos resultados académicos consistentes, que avalan tanto o deseño da materia como a idoneidade dos contextos profesionais nos que se desenvolve.

A análise desta táboa permite concluír que as prácticas externas do MELC constitúen un elemento consolidado e altamente satisfactorio dentro do plan de estudos, tanto desde o punto de vista formativo como dos resultados obtidos. A combinación de boa xestión, seguimento individualizado, colaboración institucional e motivación do alumnado está detrás dos indicadores positivos acadados. Recoméndase, en consecuencia, manter a liña actual de traballo e seguir vixiando a calidade das entidades colaboradoras para garantir a continuidade destes niveis de excelencia.

6.1.7.- Resultados noutras asignaturas do MELC

En relación cos resultados obtidos nas restantes materias da titulación (excluíndo, polo tanto, o TFM e as Prácticas externas), no curso obxecto de análise neste documento, o AASX: *INF. 15 – Informe de acreditación das cualificacións das materias do plan de estudos* (4314246_INF15_2021-2022.pdf) amosa que o alumnado acadou, de forma maioritaria, cualificacións situadas nos rangos máis elevados (notábel, sobresaliente e matrícula de honra), observándose un incremento salientábel na obtención da cualificación de sobresaliente. Rexistrouse, ademais, un único caso de suspenso.

Cómpre, con todo, salientar que se produciu un incremento no porcentaxe de estudantes non presentados, feito que, aínda que non altera significativamente os resultados globais (xa que a taxa mantense por debaixo do 12%), será obxecto de seguimento específico por parte da coordinación do mestrado co fin de analizar a súa evolución e determinar se responde a causas estruturais ou a factores conxunturais.

	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Suspenso	3	1	4	0	1	0
Non presentados	0	3	16	19	35	16
Aprobado	24	20	70	15	22	52
Notábel	106	109	113	81	83	99
Sobresaliente	112	81	74	119	133	107
Matrícula de honra	12	16	15	22	23	19
Total	257	230	292	256	297	293

Táboa 19: Cualificacións en materias distintas de TFM e Prácticas Externas

A análise da táboa relativa á distribución das cualificacións nas materias do MELC (excluíndo o TFM e as prácticas externas) entre os cursos 2018-2019 e 2023-2024 permite tirar conclusións significativas sobre o rendemento académico global do alumnado e a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A tendencia xeral mostra un rendemento elevado e sostido, cunha maioría moi significativa de cualificacións nos tramos altos: notábel, sobresaliente e matrícula de honra. Esta distribución indica un bo nivel de adquisición de competencias e obxectivos formativos por parte do alumnado, así como unha docencia de calidade. As cualificacións de sobresaliente mantéñense en niveis moi altos, con picos en 2021-2022 (119) e 2022-2023 (133), o que reflicte unha excelente valoración do desempeño do alumnado. O número de matrículas de honra tamén presenta cifras estábeis, con valores entre 12 e 23 por curso, o que permite identificar de forma continua casos de excelencia académica.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

O número de suspensos é moi reducido, con só catro cursos cun máximo de catro suspensos (2020-2021). En 2021-2022 e 2023-2024 non se rexistrou ningún caso, o que confirma a efectividade do proceso de ensinanza e avaliación. A categoría de aprobado, sen alcanzar as cifras dos tramos superiores, mantense con certa regularidade, destacando o curso 2020-2021 con 70 casos e 2023-2024 con 52. Isto suxire que, aínda que a maioría do alumnado supera con solvencia as materias, existe un grupo que require apoio para mellorar o seu rendemento.

O incremento progresivo dos “non presentados” entre os cursos 2020-2021 e 2022-2023 é un dos indicadores que máis atención require. Pasouse de 16 casos en 2020-2021 a 35 en 2022-2023, o que representa un aumento significativo do absentismo nas probas de avaliación, posibelmente asociado a factores externos (como a pandemia ou situacións persoais ou académicas puntuais). En 2023-2024 prodúcese unha clara mellora, cun descenso a 16 casos, o que podería reflectir o éxito de medidas adoptadas desde a coordinación do título, pero que aínda así require seguimento para confirmar unha tendencia consolidada.

A análise desta táboa confirma que o nivel académico do alumnado do MELC é globalmente moi alto, cunha clara orientación á excelencia e unha baixísima taxa de suspensos. A tendencia ascendente nas cualificacións máis altas corrobora a idoneidade do plan de estudos e das metodoloxías docentes empregadas. Non obstante, o incremento de non presentados nos cursos centrais da serie histórica debe considerarse un punto de mellora prioritaria, tanto no seguimento individualizado do alumnado como no deseño de estratexias de acompañamento académico. En resumo, os datos avalan un sistema formativo consolidado e eficaz, mais cunha marxe de mellora en aspectos relacionados coa motivación e a continuidade do alumnado.

Conclusión

A partir do conxunto de datos analizados nesta sección pode afirmarse, de maneira global, que os resultados derivados de todo o proceso de aprendizaxe do alumnado do MELC son altamente satisfactorios, xa que permiten constatar o cumprimento dos obxectivos establecidos no programa formativo e a súa adecuación ao nivel correspondente do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). A pesar destes resultados positivos, a comisión académica do mestrado mantense nunha actitude de vixilancia constante, tendo sempre en conta estes indicadores para revisar o plan de estudos e impulsar novas accións orientadas á súa mellora continua.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise dos principais indicadores evidencia que o MELC é un mestrado cunha demanda sostida que supera amplamente a oferta de prazas dispoñíbeis en cada curso académico. Esta tendencia ponse de manifesto na seguinte táboa, elaborada a partir dos datos do indicador IN02M (AASX:4314246_P.Ind_2023-24.pdf), á que se engadiu o cálculo porcentual da ocupación:

Curso académico	Prazas ofertadas	Matriculad@s	Porcentaxe de Ocupación
2018-2019	26	33	126,92%
2019-2020	26	33	126,92%
2020-2021	26	38	146,15%
2021-2022	26	35	134,61%
2022-2023	26	29	111,54%
2023-2024	26	30	115,39%

Táboa 20: Prazas Ofertadas, Matriculad@s e Porcentaxe de Ocupación

Ademais deste excelente dato cuantitativo, cómpre salientar tamén a calidade do perfil do alumnado que accede ao MELC. O porcentaxe de estudantes cunha nota media de acceso superior a seis mantívose sempre por enriba do 90%, superando o valor mínimo da serie histórica analizada (92,31% no curso 2017-2018) nos cursos 2018-2019, 2019-2020, 2020-2021 e 2022-2023. Para o curso **2023-2024**, cómpre sinalar que o indicador AASX:IN07M (4314246_P.Ind_2023-24.pdf) non recolle o dato correspondente.

Así mesmo, a nota media de acceso por preinscrición mantívose nos últimos cursos por riba do 7,4 e en toda a serie histórica supera o 7, chegando incluso a acadar un valor superior a 8 no curso 2022-2023. Estes datos amosan con claridade o alto poder de atracción do MELC entre o alumnado cunha sólida formación previa, que identifica neste programa unha continuidade coherente coa súa procura de excelencia académica e especialización avanzada.

O MELC conta, ademais, cun porcentaxe moi significativo de estudantes procedentes de comunidades autónomas distintas da galega. Aínda que este indicador amosou unha lixeira redución nos últimos cursos, segue mantendo un nivel destacábel que evidencia o interese que o título esperta fóra do contexto territorial inmediato. Cómpre sinalar, porén, que o indicador AASX:IN09M non proporciona o dato correspondente ao curso **2023-2024**.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Curso	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022	2022- 2023	2023- 2024
Estudantes estranxeiros (%)	6,06%	15,15%	26,32%	22,86%	24,14%	30%
Estudantes doutras comunidades (%)	18%	18%	10,53%	5,71%	3,45%	—

Táboa 21: Procedencia do alumnado (2018-2024)

A análise desta táboa revela dous aspectos fundamentais en relación coa procedencia do alumnado do MELC: a internacionalización e a captación de alumnado fóra do ámbito galego. O primeiro dos indicadores mostra unha clara tendencia ascendente na porcentaxe de estudantes internacionais ao longo do período 2018-2024. Se ben en 2018-2019 os estudantes estranxeiros representaban só o 6,06% do total, esta cifra ascende de maneira constante, acadando un 30% no curso 2023-2024. Esta evolución reflicte a crecente proxección internacional do título e a súa capacidade de atraer alumnado doutros países, o que contribúe á diversidade do perfil do alumnado, favorece a internacionalización do ensino e reforza o posicionamento do MELC no ámbito europeo e latinoamericano. En contraste, obsérvase unha tendencia descendente no número de estudantes procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español. Mentres que nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 a porcentaxe se mantén nun 18%, este valor descende progresivamente ata un 3,45% en 2022-2023. No curso 2023-2024 non se dispón de datos. Esta baixada podería estar relacionada con varios factores, como a competencia doutros títulos semellantes noutras universidades, o custo da mobilidade inter-autonómica ou as prioridades cambiantes do alumnado. Esta evolución debería ser analizada en profundidade co fin de valorar a pertinencia de accións específicas de difusión e promoción noutras comunidades.

En conxunto, a táboa mostra que o MELC mantén unha capacidade destacada de atracción de alumnado alleo ao sistema universitario galego, especialmente no ámbito internacional. Porén, será preciso reflexionar sobre as posíbeis causas da perda de peso relativo dos estudantes doutras comunidades autónomas para garantir a ampla representatividade territorial que sempre caracterizou o título.

Todas estas cifras confirmanse tamén a través da taxa de ocupación (indicador AASX:IN12M *Número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas*), que ofrece unha imaxe precisa da capacidade de captación de novo alumnado. Esta taxa mantívose sempre por riba do 80%, agás na excepción conxuntural do curso 2017-2018. As cifras dos últimos cursos son as seguintes: 2018-2019: 92,31%; 2019-2020: 80,77%; 2020-2021: 100%; 2021-2022: 92,31%; 2022-2023: 84,62%; 2023-2024: 92,31%.

Cómpre ter en conta, ademais, que os datos porcentuais poden resultar, nalgúns casos, non completamente ilustrativos se se produce un incremento particularmente significativo no valor absoluto dalgún parámetro. Isto é precisamente o que sucede nos cursos 2017-2018 e 2019-2020, nos que se observa o número máis baixo de estudantes matriculados da serie histórica, polo que o peso relativo do alumnado que debía matricularse por segundo ano consecutivo puido aumentar e distorsionar a proporción real entre repetidores e novo alumnado.

En calquera caso, parece plenamente xustificado afirmar que o título responde adecuadamente ás demandas sociais do seu contorno ao ofrecer unha formación especializada que permite ao seu alumnado graduado desenvolver actividades vencelladas ao coñecemento, conservación e difusión da literatura e da cultura, tanto no ámbito profesional (editorial, intervención e difusión cultural) como no docente, así como en actividades relacionadas coa investigación en literatura, cultura e os seus enfoques aplicados. Pero co obxecto de dar todo o apoio necesario ao alumnado que poida atoparse con dificultades económicas para o correcto desenvolvemento do seu perfil investigador-profesional, elaboramos a Acción de Mellora AM-04.

Acción de Mellora AM-04: Garantía e equidade no acceso á participación científica

A participación en congresos, simposios e encontros científicos constitúe unha oportunidade fundamental para o desenvolvemento académico e profesional do estudiantado de másteres de orientación investigadora, como é o caso do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC). Estas experiencias permiten dar visibilidade aos traballos

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

en curso, recibir retroalimentación especializada, establecer contactos interuniversitarios e adquirir competencias clave en comunicación científica.

Non obstante, as limitacións económicas derivadas da matrícula, do custo da vida e da falta de recursos propios fan que parte do alumnado, especialmente aquel procedente de contornas con menor capacidade económica, non poida asumir os gastos asociados á asistencia a este tipo de eventos, o que xera unha desigualdade no acceso a oportunidades formativas e investigadoras de calidade.

A situación vese agravada polo feito de que o mestrado ten unha duración dun só curso académico, o que reduce o tempo dispoñible para que o estudantado poida organizar a súa participación en congresos a través doutras canles de financiamento externas.

Por todo isto, resulta necesaria a creación dunha liña específica de apoio económico que garanta a equidade no acceso á participación científica, permitindo que a selección se basee no mérito académico e na calidade das propostas, e non na situación económica particular de cada estudante. Esta acción contribuirá a reforzar o perfil investigador do alumnado, mellorar a súa formación integral e apoiar a proxección académica do propio mestrado. **Data de inicio:** 09.05.2025. **Data prevista de finalización:** 31.07.2026 (véxase [AM-04-Informe Acción de Mellora](#))

No que respecta aos indicadores de resultados, cómpre subliñar que as medias das taxas de rendemento, éxito e avaliación (véxanse respectivamente AASX:IN34M, IN35M e IN36M) son elevadas e amosan unha evolución positiva ao longo dos últimos cursos.

Curso académico	Taxa de rendemento (%)	Taxa de éxito (%)	Taxa de avaliación (%)
2018-2019	86,12 %	98,26 %	87,64 %
2019-2020	82,61 %	99,25 %	83,23 %
2020-2021	82,25 %	96,39 %	85,33 %
2021-2022	88,04 %	98,97 %	88,96 %
2022-2023	81,36 %	99,75 %	81,56 %
2023-2024	85,70 %	100 %	85,70 %

Táboa 22: Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación

A taxa de rendemento mantense consistentemente por riba do 80 %, cun descenso moderado no curso 2022-2023 (81,36 %) e unha recuperación no 2023-2024 (85,70 %). A taxa de éxito acadou valores próximos á perfección, culminando no 100 % en 2023-2024. A taxa de avaliación mantense estábel, con pequenas variacións.

A taxa de abandono (véxase AASX:IN41M) móstrase a seguir:

Curso académico	Taxa de abandono (%)
2018-2019	11,76 %
2019-2020	8,33 %
2020-2021	9,52 %
2021-2022	4 %
2022-2023	4,17 %
2023-2024	9,09 %

Táboa 23: Taxa de Abandono

A taxa de abandono reduciuse progresivamente entre 2018-2019 e 2021-2022, pasando de preto do 12% ao 4%. A lixeira subida no curso 2023-2024 (9,09%) require vixilancia específica. Tal como se indicou en apartados anteriores, parte desta taxa de abandono podería estar relacionada cos desafíos na realización e defensa do TFM. A combinación de desmotivación, perda de vínculo co grupo e dificultades na planificación parecen estar na orixe desta taxa. As medidas implementadas nos últimos cursos están a mellorar esta situación, mais é necesario continuar o seu seguimento.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

A taxa de graduación, entendida como a relación porcentual entre o número de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun curso académico adicional e a súa cohorte de ingreso, amosa no caso do MELC unha evolución diversa. Como se observa na seguinte táboa, trala caída rexistrada nos cursos 2017-2018 e 2018-2019, prodúcese unha importante recuperación no curso 2019-2020. Porén, nos cursos máis recentes, aínda que os valores seguen a ser notábeis, percíbese unha tendencia á baixa que require unha análise atenta:

Curso	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa de graduación (%)	52,94%	87,5%	66,67%	92%	87,5%	77,27%

Táboa 24: Taxa de Graduación

A lectura dos datos revela que os cursos 2018-2019 e 2020-2021 experimentaron un retroceso considerábel na taxa de graduación, posibelmente asociado á dificultade de completar o TFM, xa indicada nos apartados anteriores. Esta asignatura constitúe un dos puntos máis esixentes do plan de estudos, e a súa non presentación afecta directamente á posibilidade de rematar o programa no prazo previsto. Non obstante, o curso 2021-2022 amosa un resultado excepcional (92%), o que pode interpretarse como consecuencia positiva das medidas adoptadas pola coordinación do mestrado.

Se ben os datos dos cursos 2022-2023 e 2023-2024 presentan unha lixeira diminución respecto do pico do 2021-2022, manteñen valores que permiten cualificar como moi boa a evolución global do programa. Isto reforza a necesidade de continuar coas accións de seguimento e mellora da organización, orientación e supervisión do TFM.

En conclusión, a análise da taxa de graduación permite afirmar que o MELC se atopa nunha dinámica de consolidación, evidenciada pola súa capacidade de resposta ante as dificultades detectadas, cun impacto moi favorábel sobre os resultados globais do alumnado.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de satisfacción dos distintos grupos de interese implicados no mestrado mantiveron, ao longo do tempo, unha tendencia xeral crecente. No que respecta á satisfacción xeral das persoas egresadas coa titulación, as enquisas reflicten unha evolución positiva dende o curso da pandemia, alcanzando no curso 2021-2022 o segundo valor máis elevado da serie histórica dispoñíbel (véxase AASX:IN42M).

		2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Satisfacción das/os graduadas/os		4,76	-	3,26	3,55	-	3,38

Táboa 25: Taxa de Satisfacción das/os Graduadas/os

O valor máis elevado da serie foi rexistrado no curso 2018-2019 (4,76 puntos), moi por riba da media histórica. No curso 2020-2021, coincidente co impacto da pandemia, produciuse unha caída significativa (3,26), aínda que nos cursos seguintes obsérvase unha recuperación progresiva, chegando aos 3,55 en 2021-2022. No curso 2023-2024, con 3,38 puntos, a valoración mellora respecto ao mínimo histórico pero non alcanza os niveis previos á pandemia. A ausencia de datos nos cursos 2019-2020 e 2022-2023 impide unha lectura completamente continua, mais os valores rexistrados permiten identificar unha tendencia xeral á recuperación da satisfacción das persoas tituladas tras o impacto do contexto sanitario global. A CA do MELC considera estes resultados un indicador relevante do grao de

cumprimento dos obxectivos formativos e, por tanto, intégranos nos seus procesos de mellora continua do plan de estudos.

As enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida amosan un elevado grao de valoración positiva da ensinanza. As puntuacións manteñen unha estabilidade notábel en torno aos 4,4 puntos nunha escala de 0 a 5 (véxase IN46M), o que reflicte unha percepción moi satisfactoria do proceso formativo por parte do alumnado. Esta tendencia é perfectamente coherente cos datos que ofrece a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, segundo se recolle no indicador AASX:IN47M.

	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022	2022- 2023	2023- 2024
<i>Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</i>	4,42	4,51	4,40	4,37	4,37	4,34
<i>Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</i>	4,17	4,37	4,37	4,53	4,52	4,04

Táboa 26: Taxas de Satisfacción do Alumnado e do Profesorado coa Docencia

No caso do alumnado, os datos reflicten unha estabilidade notábel, cunha lixeira tendencia á baixa nos dous últimos cursos, aínda que con valores que continúan sendo moi elevados e superiores ao 4,3. A satisfacción do profesorado presenta tamén valores moi positivos, cun pico máximo no curso 2021-2022 (4,53), e unha lixeira baixada no **último curso analizado** (4,04). Esta redución puntual na valoración por parte do profesorado pode estar relacionada con factores conxunturais ou estruturais, polo que se recomenda manter o seguimento deste indicador en cursos vindeiros. A converxencia dos datos de ambos colectivos reforza a percepción dunha experiencia docente de calidade, ben valorada tanto polos estudantes como polo persoal docente. A Comisión Académica do MELC ten en conta estes indicadores nos procesos de revisión e planificación docente, ao considerar que a satisfacción coa docencia é un eixo fundamental na calidade do título.

O grao de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción é mellorábel, aínda que estatisticamente significativo. Isto non impide que, desde a coordinación do mestrado, se continúe a insistir na importancia destas enquisas como ferramenta fundamental para que o alumnado comprenda a relevancia da súa participación na mellora continua da titulación. Cómpre salientar, ademais, que no curso 2021-2022 todas as preguntas incluídas na enquisa acadaron unha puntuación superior aos 4 puntos (nunha escala de 0 a 5), o que evidencia unha alta valoración global da docencia recibida.

En canto á participación do profesorado, esta non acada o nivel desexábel. Por este motivo, desde a coordinación do MELC seguírase lembrando e incentivando a todo o PDI para que complete estas enquisas, xa que constitúen unha ferramenta valiosa para identificar posíbeis deficiencias e aplicar as medidas correctoras oportunas. En calquera caso, debe subliñarse que a práctica totalidade dos aspectos avaliados pola enquisa foron cualificados con puntuacións superiores a 4, o que fala por si só da calidade percibida. Só nun ítem —"Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia"— a puntuación se situou lixeiramente por debaixo desta cota (3,73), aínda que claramente por riba do 3,5.

Na nosa opinión, esta pequena diminución podería deberse ao importante esforzo realizado polo profesorado durante os anos da pandemia, nos que seguiu numerosos cursos de formación co obxectivo de adaptarse con éxito ás novas demandas do ensino virtual, o que puido provocar unha menor disposición a participar noutros procesos formativos posteriores.

En relación co nivel de satisfacción do alumnado respecto aos programas de mobilidade, cómpre sinalar que a ausencia de convocatorias específicas para títulos de 60 ECTS por parte da USC impide a realización de enquisas relativas ao MELC, dado que non se produce, en termos xerais, mobilidade de estudantes saíntes nin tampouco recepción de estudantes entrantes procedentes de programas de mobilidade no noso mestrado. As únicas excepcións

a esta tendencia corresponden a porcentaxes anecdóticas: un 3,03% no curso 2019-2020, un 2,86% no 2021-2022 e un **3,33%** no curso **2023-2024** (véxase AASX:IN18M).

Este feito non implica, con todo, a inexistencia de alumnado estranxeiro no MELC, como se reflicte nos apartados 1.4 e 7.1 do presente informe (véxase AASX:IN18M). A Comisión académica do MELC considera, porén, que sería altamente positivo para o alumnado —e para o título en xeral— contar coa posibilidade de cursar o segundo cuatrimestre noutra universidade, especialmente se se ten en conta que o programa ofrece unha formación ampla e especializada en estudos literarios e culturais de distintas culturas e linguas.

Tal e como se recolle xa en informes de cursos anteriores, resulta desexábel que, nun futuro o máis próximo posíbel, a USC habilite prazas de mobilidade para o alumnado matriculado en mestrados de 60 ECTS, co fin de favorecer a internacionalización da titulación e ampliar as oportunidades formativas do seu alumnado.

Para concluír a análise dos niveis relativos ás persoas graduadas, cómpre salientar que, tanto a taxa de éxito, entendida como a relación porcentual entre o número total de créditos superados e o número total de créditos aos que o estudante se presentou, como a taxa de eficiencia, que reflicte a proporción entre os créditos superados e os matriculados, mantivéronse de forma sostida por riba do 90% ao longo de toda a serie histórica, malia pequenas oscilacións inter-anuais que poderían explicarse por factores conxunturais (véxanse indicadores AASX:IN50M e IN53M).

Graduadas/os	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Taxa de éxito	96,2%	90,67%	100%	97,32%	99,61%	99,72%
Taxa de eficiencia	96,2%	90,67%	96,39%	92,65%	93,51%	95,74%

Táboa 27: Taxas de éxito e eficiencia do alumnado graduado (2018-2024)

A análise da táboa amosa claramente unha evolución xeral positiva nestes indicadores, con valores especialmente altos nos últimos tres cursos, que consolidan a calidade do rendemento académico do alumnado do MELC. A taxa de éxito, por exemplo, alcanza o 100% no curso 2020-2021, mentres que nos dous cursos seguintes se sitúa por riba do 97%, chegando ao 99,72% no curso máis recente. Pola súa parte, a taxa de eficiencia tamén reflicte unha tendencia crecente, acadando no curso **2023-2024** un **95,74%**, a segunda cifra máis alta da serie.

Estas cifras confirman o elevado grao de consecución dos obxectivos formativos por parte do alumnado, así como a pertinencia e adecuación do deseño curricular do mestrado. En calquera caso, desde a Comisión académica do MELC mantense unha actitude de seguimento constante sobre estes datos, a fin de garantir que, no caso de que se detecten desviacións significativas ou tendencias regresivas, se adopten as medidas de mellora oportunas.

Cómpre lembrar tamén que, como acontece co resto dos indicadores analizados ao longo do informe, os resultados desta sección son tidos en conta de forma sistemática nos procesos de revisión e mellora do plan de estudos, garantindo así a súa actualidade, eficacia e axuste ás necesidades reais do alumnado.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Informe de inserción laboral elaborado pola ACSUG (véxase AASX:4314246_INF.EIL.ACSUG_2023_2024.xlsx) achega datos significativos sobre a incorporación ao mercado laboral das persoas graduadas do MELC. A partir dunha poboación de catorce graduadas/os, analizouse unha mostra representativa de sete individuos. O 71,4% declara estar a traballar, mentres que o 28,6% restante manifesta non ter ocupación laboral pero tampouco estala buscando activamente, o que, na práctica, se traduce nunha inserción laboral efectiva do 100% das persoas que poden e desexan traballar. Esta cifra sitúa o MELC entre os mestrados da rama de Artes e Humanidades cunha das máis altas taxas de ocupación, especialmente se se desbotan dous casos cun 100% de inserción baseados en mostras dun só individuo, carentes de fiabilidade estatística.

O tempo medio transcorrido desde a finalización do mestrado ata o inicio da actividade laboral sitúase nos 13,2 meses, sendo o segundo valor máis elevado da rama. Porén, cómpre subliñar que o 60% das/os graduadas/os atopou traballo dentro do primeiro ano logo de completar os seus estudos no MELC, dato que matiza positivamente o anterior indicador.

As prácticas externas, elemento clave na transición ao ámbito profesional, están directamente vencelladas ao contexto socioeconómico e profesional do mestrado. Ao longo dos cursos, o número de prazas de prácticas axustouse á demanda, tanto en cantidade como na incorporación progresiva de novos organismos e entidades colaboradoras. Este esforzo responde á Acción de mellora 6, iniciada no curso 2016-2017, consolidada xa como boa práctica recorrente. Como resultado, no curso 2023-2024 todo o alumnado obtivo destino na súa primeira opción de centro de prácticas.

As accións dirixidas a favorecer a inserción laboral complétanse coa organización anual de xornadas informativas sobre saídas profesionais na Facultade de Filoloxía. Estas actividades permiten ao alumnado coñecer as posibilidades reais do mercado de traballo. Ademais, desde o 26 de xuño de 2019 está operativo o Comité Consultivo Externo da Facultade de Filoloxía, concibido como un espazo de colaboración co tecido profesional local e autonómico. Este foro ten entre os seus obxectivos principais difundir os perfiles de competencias e saberes das/os graduadas/os de grao e mestrado e fomentar a súa inserción profesional.

O MELC facilita o contacto co mundo empresarial principalmente a través do programa de prácticas externas. Neste sentido, o indicador AASX:IN22M mostra que o porcentaxe de estudantes graduados que realizaron prácticas acadou cifras sempre superiores ao 50% ao longo dos últimos cursos: 68,42% (2018-2019), 52,94% (2019-2020), 50% (2020-2021), 57,69% (2021-2022), 63,16% (2022-2023) e 50% (2023-2024). O dato do curso 2022-2023, o máis alto da serie, permite supoñer un impacto positivo directo nos indicadores futuros de inserción laboral.

Aínda que a dispoñibilidade de datos non é tan ampla como se desexaría para unha análise completa, os resultados permiten manter un optimismo prudente. Cómpre ter en conta que o MELC non é un mestrado profesionalizante e que en moitos casos funciona como ponte cara ao acceso ao doutoramento. Deste xeito, os indicadores dispoñíbeis deben considerarse axeitados ás características do título e son sempre tidos en conta nos procesos de revisión e mellora do plan de estudos.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
No curso 2018-2019 retirouse temporalmente da oferta de optativas do itinerario de edición de textos a materia <i>A renovación teatral desde o século XIX</i> . Esta decisión responde a criterios de axuste curricular e planificación académica, garantindo en todo momento a coherencia e a suficiencia da oferta formativa dentro do itinerario.	Trátase dunha materia optativa que tradicionalmente rexistrou un número reducido de estudantes e que, incluso no curso 2016-2017, non contou con alumnado matriculado. A súa retirada temporal non supón un empobrecemento significativo do catálogo de optativas do itinerario, que ofrece ao alumnado un total de nove opcións (27 créditos), das cales deben elixir tres materias (9 créditos) no caso de realizaren prácticas externas, ou cinco (15 créditos) se non as cursan. Esta estrutura garante unha oferta ampla, diversificada e coherente coas competencias previstas no plan de estudos.

NOTA: No curso obxecto de análise, **2023-2024**, decidiuse non propoñer novas accións de mellora debido a que case todos os indicadores de 2022-2023 amosaban unha evolución positiva tras a aplicación das accións propostas nos cursos anteriores. Nese sentido, parecía máis prudente consolidar como boas prácticas as accións de mellora desenvolvidas previamente e observar se a tendencia positiva se mantén.

A análise realizada no presente informe lévanos a introducir novas accións de mellora, algunhas das cales comezan a seren implementadas no curso 2024-2025.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4314246_P.Ind_2023-2024
			4314246_INF.16_2023-2024
			4314246_INF.CiUG_2023-2024
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4314246_I2_2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4314246_P.Ind_2023-2024
			5040_INF.03_2023-2024
2	E9		URL da USC

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

		Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4314246_P.Ind_2023-2024
			4314246_INF.04_2023-2024
			5040_INF.05_2023-2024
			4314246_INF.06_2023-2024
			4314246_INF.07_2023-2024
			4314246_INF.08_2023-2024
			4314246_INF.09_2023-2024
			5040_INF.10_2023-2024
			5040_INF.11_2023-2024
			4314246_INF.13_2023-2024
			4314246_INF.14_2023-2024
			5040_INF.21_2023-2024
			4314246_INF.22_2023-2024

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

			4314246_INF.23_2023-2024
			4314246_Informe_de_indicadores_2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4314246_P.Ind_2023-2024
			4314246_Informe_de_indicadores_2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4314246_E15_2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4314246_INF.13_2023-2024
			4314246_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4314246_INF.15_2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4314246_P.Ind_2023-2024
			4314246_INF.17_2023-2024
			4314246_INF.18_2023-2024
			4314246_INF.19_2023-2024
			4314246_INF_SIIU_2023-2024
			4314246_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4314246_P.Ind_2023-2024
			4314246_INF.CiUG_2023-2024
			4314246_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	4314246_EIL-SIIU_2023-2024 4314246_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4314246_P.Ind_2023-2024 4314246_Informe_de_indicadores_2023-2024 4314246_MedUSC_cursocelda

*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2024-2025
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-01](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Outros Criterios

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-01 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	A presenza web é actualmente un dos principais instrumentos de visibilidade e captación de estudantes nos estudos de posgrao. A pesar de contar cunha páxina institucional e cun espazo web propio máis dinámico, o Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) carece dunha estratexia consolidada e coordinada de comunicación dixital. Esta fragmentación dificulta a actualización regular de contidos, xera certa dispersión informativa e limita o impacto que podería ter unha presenza web coherente, atractiva e multilingüe. Ademais, o carácter crecente da competencia interuniversitaria na oferta de mestrados en humanidades e a aposta do MELC pola internacionalización e interdisciplinariade fan necesaria unha mellora substancial da súa visibilidade online. A reorganización dos contidos, a implementación de boas prácticas en posicionamento en buscadores (SEO), a integración de ferramentas de analítica e a tradución ao castelán, inglés e portugués son medidas clave para situar o mestrado nunha posición máis competitiva e accesible para o estudantado potencial. A acción proposta responde tamén á demanda do propio alumnado, que en sucesivas avaliacións identificou a mellora da comunicación e da difusión como un aspecto prioritario. Ademais, a presenza de graduadas/os internacionais e a vontade de ampliar o radio de captación máis alá do espazo galego e estatal fan imprescindible contar cunha plataforma web clara, accesible e adaptada ás expectativas actuais.
Definición/	Optimización, internacionalización e coordinación das dúas páxinas web asociadas ao Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

descripción proposta	(MELC) para reforzar a súa difusión e impacto na captación de estudantes. O MELC conta cunha páxina institucional no portal da USC e cunha páxina propia con maior capacidade de dinamismo e actualización de contidos. A acción de mellora consistirá nunha revisión integral e coordinación entre ambas webs para asegurar a coherencia da información, a actualización regular de contidos clave (testemuñas de egresados/as, calendario académico, novidades, actividades do mestrado, etc.) e a mellora da súa visibilidade en buscadores mediante estratexias de posicionamento (SEO). Ademais, reorganizaranse os contidos da web propia para mellorar a navegación e a experiencia de usuario, incluíndo elementos visuais atractivos (vídeos breves de presentación, recursos gráficos) orientados á captación de estudantado nacional e internacional. Nunha aposta pola internacionalización, toda a información esencial do MELC será traducida ao castelán, ao inglés e ao portugués, ofrecendo contidos multilingües que favorezan o acceso e interese de estudantes doutras comunidades e países, especialmente no ámbito iberoamericano e lusófono. Por último, implementarase o uso de ferramentas de analítica web (como Google Analytics) para monitorizar o comportamento das persoas usuarias, identificar puntos de mellora e adaptar a estratexia de comunicación segundo os datos recollidos. Esta acción integrarase cunha xestión activa das canles dixitais (redes sociais, boletíns, novas) para crear unha estratexia de difusión e captación multicanle, coherente e sostida no tempo. As melloras esperadas da realización desta acción son: 1.- Aumento da visibilidade nacional e internacional do MELC, tanto nos buscadores web como nas redes institucionais e académicas, grazas á optimización do SEO e á integración multicanle da estratexia de comunicación. 2.- Captación de novo estudantado nacional e internacional, especialmente de países do ámbito hispano e lusófono, mediante a oferta de contidos multilingües (galego, castelán, inglés e portugués) e a incorporación de materiais visuais atractivos. 3.- Mellora da percepción pública do MELC, mediante unha presentación máis actual, dinámica e profesional das súas webs, que reflecta a calidade e singularidade da súa proposta formativa. 4.- Incremento da interacción e fidelización do estudantado potencial, a través dunha experiencia de navegación máis intuitiva e dunha actualización frecuente de contidos relevantes (novidades, eventos,
----------------------	--

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

	testemuñas, etc.). 5.- Disponibilidade de datos e métricas fiables, grazas á implementación de ferramentas de analítica web, que permitirán avaliar o impacto real das accións de difusión e orientar decisións futuras baseadas en evidencias. 6.- Maior coordinación institucional e comunicativa, ao asegurar a coherencia e actualización constante entre a páxina institucional da USC e a web propia do MELC. Financiamento: Para levar a cabo esta acción concorreuse á Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Mestrados Oficiais da USC 2025, no ámbito de acción tipo "difusión e captación" con data 9 de maio de 2025. No caso de non ter éxito esta solicitude ou, tendo éxito, ser necesario un complemento económico, recurrirase aos fondos remanentes adscritos ao MELC de procedencia Erasmus Mundus "Crossways in Cultural Narratives" (extinto) cuxo excoordinador, Prof. Dr. Antonio Jesús Gil González, é o responsábel da correspondente partida orzamentario e membro da Comisión Académica do MELC.
Datas	Finalización: 16/09/2025 ; Inicio: 16/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	César Pablo Domínguez Prieto, Antonio Jesús Gil González, Comisión de Título

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-02 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A mobilidade académica constitúe un dos elementos clave para o desenvolvemento de competencias internacionais, interdisciplinares e interculturais no estudantado de mestrado. Non obstante, no caso do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC), existen varios factores estruturais que dificultan a participación efectiva do alumnado en programas de mobilidade física, tanto a nivel nacional como europeo: * A duración do mestrado é dun só curso académico, o que reduce significativamente as posibilidades de adaptación a calendarios e estruturas doutras institucións. * A distribución semestral e a carga lectiva intensiva, especialmente no primeiro cuatrimestre, complica que o estudantado poida compatibilizar desprazamentos físicos co seguimento regular das materias do propio plan de estudos. * Os calendarios do MELC non coinciden co dos mestrados doutros sistemas universitarios, o que impide a integración sincrónica do alumnado noutros programas presenciais. Fronte a esta realidade, o desenvolvemento dun programa de mobilidade virtual estruturado preséntase como unha solución viable, flexible e equitativa. A mobilidade virtual permitiría ao estudantado participar en seminarios, cursos, proxectos colaborativos ou actividades académicas en liña organizadas por outras universidades, sen os condicionantes económicos nin loxísticos asociados ás estadias físicas. Ademais, este tipo de mobilidade é compatible coa realidade profesional e persoal de moito do noso alumnado, favorece o desenvolvemento de competencias dixitais e interculturais, e contribúe a estreitar vínculos con outras institucións dentro e fóra do Espazo Europeo de Educación Superior.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Definición/ descrición proposta	Deseño e implementación dun programa piloto de mobilidade virtual para o alumnado do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC). Co obxectivo de garantir o acceso equitativo do estudantado a experiencias formativas internacionais e interuniversitarias, o MELC porá en marcha un programa piloto de mobilidade virtual que permita participar en actividades académicas en liña ofrecidas por outras universidades nacionais e internacionais. A acción consistirá na identificación de socios estratéxicos (programas afíns noutras institucións) e na organización conxunta de actividades como: a) Seminarios e cursos breves en liña (con recoñecemento opcional de ECTS). b) Proxectos colaborativos interuniversitarios. c) Obradoiros, xornadas ou actividades conxuntas orientadas á investigación ou á creación cultural. O programa estará deseñado para adaptarse aos calendarios e á carga lectiva do mestrado, e buscará minimizar o custo económico para o estudantado. Tamén se explorará a posibilidade de establecer convenios bilaterais que faciliten o recoñecemento académico das actividades desenvolvidas. As melloras esperadas no mestrado son: 1) Ampliación das oportunidades formativas do alumnado, sen os condicionantes temporais, económicos ou loxísticos da mobilidade física. 2) Reforzo da dimensión internacional do mestrado, mediante a conexión efectiva con outras universidades e a participación en actividades académicas compartidas. 3) Desenvolvemento de competencias dixitais, interculturais e colaborativas, clave no contexto profesional e académico actual. 4) Maior visibilidade e posicionamento institucional do MELC como mestrado innovador, flexible e comprometido coa equidade no acceso á formación internacional. 5) Impulso á creación de redes académicas, que poderán dar lugar a proxectos conxuntos, cotitorización de títulos ou iniciativas de internacionalización máis ambiciosas no futuro. 6) Incremento da motivación e implicación do estudantado, ao facilitar o contacto con outras realidades universitarias e investigadoras. Financiamento: No caso de ser necesario algún tipo de apoio económico para a execución desta Acción de Mellora AM-02, recurrirase aos fondos remanentes adscritos ao MELC de procedencia Erasmus Mundus "Crossways in Cultural Narratives" (extinto) cuxo excoordinador, Prof. Dr. Antonio Jesús Gil González, é o responsábel da correspondente partida orzamentario e membro da
------------------------------------	--

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

	Comisión Académica do MELC. A implementación desta acción de mellora será desenvolvida co asesoramento do persoal da Vicerreitoría de Internacionalización.
Datas	Finalización: 01/09/2027 ; Inicio: 01/07/2025
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	César Pablo Domínguez Prieto, María José López Couso , Antonio Jesús Gil González, Comisión de Título

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-03 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	O Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) presenta unha taxa de finalización do TFM no curso académico de referencia do 77,27%. Aínda que se trata dun dato positivo no contexto dos estudos de posgrao, considérase necesario aumentar esta porcentaxe ata o 90%, en coherencia cos obxectivos de eficiencia e aproveitamento académico do programa. A experiencia acumulada mostra que un dos factores que dificultan a finalización do TFM dentro dos prazos establecidos é a falta de formación metodolóxica e transversal previa, especialmente no que respecta á planificación, redacción e defensa dun traballo académico complexo no ámbito das humanidades. Neste contexto, a organización dun obradoiro formativo específico permite dar resposta directa ás necesidades detectadas tanto polo equipo docente como polo propio estudantado, ao tempo que contribúe a reducir desigualdades de partida, incrementar a autonomía investigadora e mellorar a calidade global dos TFM.
Definición/ descrición proposta	A elaboración e defensa do Traballo de Fin de Mestrado (TFM) constitúe un dos momentos formativos máis esixentes do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC). Aínda que o plan de estudos garante o acompañamento mediante tutorías individualizadas, a experiencia acumulada revela que parte do estudantado carece das competencias transversais necesarias para abordar con seguridade e eficacia este proceso. Esta realidade reflíctese nos datos de rendemento: só un 77,27% do alumnado finaliza o TFM dentro do curso académico no que está matriculado, o que indica marxes claras de mellora. A dificultade na planificación do traballo, a

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

	incerteza metodolóxica, a falta de hábitos de escritura académica e o descoñecemento de aspectos formais e normativos constitúen algúns dos obstáculos máis recorrentes. Esta situación afecta tanto á calidade dos traballos como ao benestar e motivación do estudantado. Por este motivo, resulta necesaria a implementación dun obradoiro formativo intensivo, dirixido a reforzar estas competencias clave de maneira estruturada, práctica e adaptada ao contexto específico do mestrado. A finalidade última é favorecer a finalización do TFM no prazo previsto e garantir unha experiencia formativa máis completa e equitativa para todo o alumnado. As melloras esperadas no mestrado son: 1) Incremento da taxa de finalización do TFM no curso académico de matrícula, co obxectivo de pasar do 77,27% actual ao 90%. 2) Reforzo das competencias transversais do alumnado, especialmente no ámbito da escritura académica, a planificación de traballos de investigación e a defensa oral. 3) Mellora da calidade metodolóxica e formal dos TFM presentados, como resultado do acompañamento formativo previo. 4) Redución dos atrasos na entrega do TFM, o que contribuirá tamén a unha mellor organización docente e administrativa do programa. 5) Maior seguridade e confianza do estudantado no proceso de elaboración do TFM, favorecendo a súa motivación e implicación co proxecto. 6) Consolidación dunha estrutura de apoio transversal, que complemente a tutoría individual e mellore o acompañamento académico ao longo do curso. Financiamento: Para levar a cabo esta acción concorreuse á Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Mestrados Oficiais da USC 2025, no ámbito de acción tipo "transversais" con data 9 de maio de 2025. No caso de non ter éxito esta solicitude ou, tendo éxito, ser necesario un complemento económico, recurrirase aos fondos remanentes adscritos ao MELC de procedencia Erasmus Mundus "Crossways in Cultural Narratives" (extinto) cuxo excoordinador, Prof. Dr. Antonio Jesús Gil González, é o responsábel da correspondente partida orzamentario e membro da Comisión Académica do MELC.
Datas	Finalización: 30/09/2026 ; Inicio: 02/09/2024

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	César Pablo Domínguez Prieto, Antonio Jesús Gil González, Comisión de Título
Tarefa 1	AM-03.01
Descrición tarefa	De forma asociada á AM-03, considerouse oportuno iniciar un programa de actividades extra-académicas para cada curso académico, cuxa actividade inicial sempre é unha conferencia inaugural de carácter transversal e propedéutico.
Data prevista de finalización	18/09/2025
Responsable	César Pablo Domínguez Prieto, Comisión de Título
Estado	Activa

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-04 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	A participación en congresos, simposios e encontros científicos constitúe unha oportunidade fundamental para o desenvolvemento académico e profesional do estudiantado de másteres de orientación investigadora, como é o caso do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC). Estas experiencias permiten dar visibilidade aos traballos en curso, recibir retroalimentación especializada, establecer contactos interuniversitarios e adquirir competencias clave en comunicación científica. Non obstante, as limitacións económicas derivadas da matrícula, do custo da vida e da falta de recursos propios fan que parte do alumnado, especialmente aquel procedente de contornas con menor capacidade económica, non poida asumir os gastos asociados á asistencia a este tipo de eventos, o que xera unha desigualdade no acceso a oportunidades formativas e investigadoras de calidade. A situación vese agravada polo feito de que o mestrado ten unha duración dun só curso académico, o que reduce o tempo dispoñible para que o estudiantado poida organizar a súa participación en congresos a través doutras canles de financiamento externas. Por todo isto, resulta necesaria a creación dunha liña específica de apoio económico que garanta a equidade no acceso á participación científica, permitindo que a selección se basee no mérito académico e na calidade das propostas, e non na situación económica particular de cada estudante. Esta acción contribuirá a reforzar o perfil investigador do alumnado, mellorar a súa formación integral e apoiar a proxección académica do propio mestrado.
Definición/	Co obxectivo de fomentar a proxección investigadora e o compromiso

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

descripción proposta	académico do estudantado, esta acción de mellora destinará fondos para apoiar a asistencia e participación en congresos, simposios ou encontros científicos directamente relacionados cos contidos curriculares do mestrado. A actividade permitirá financiar, en función do número e calidade das propostas recibidas, a asistencia a dous congresos de ámbito nacional ou a un congreso internacional, en réxime competitivo. A selección realizarase mediante convocatoria interna dirixida ao alumnado matriculado, valorando a relevancia da actividade con respecto ás liñas do mestrado, a participación activa (presentación de comunicación ou póster) e a calidade científica da proposta. A actividade ten especial relevancia nun mestrado de orientación investigadora, xa que permite ao estudantado dar os primeiros pasos no sistema académico, contrastar os seus traballos con outras persoas investigadoras, recibir retroalimentación externa e establecer redes profesionais e científicas. Ademais, esta acción reforza competencias como a comunicación académica, a planificación de estancias ou desprazamentos, e a vinculación activa coa comunidade científica, favorecendo a continuidade do alumnado en estudos de doutoramento e a súa integración en contextos académicos máis amplos. As melloras esperadas da realización desta acción son: 1.- Fomento do compromiso investigador do estudantado, ofrecéndolles a oportunidade de presentar os seus traballos en contextos científicos reais e profesionais. 2.- Incremento da calidade dos proxectos de investigación do alumnado, grazas ao contraste e á retroalimentación obtida a través da participación en congresos. 3.- Fortalecemento das competencias transversais clave, como a comunicación académica oral, a síntese de contidos, a preparación de presentacións científicas e a participación en dinámicas de debate. 4.- Proxección exterior do mestrado, ao facer visible o traballo desenvolvido polos seus estudantes en contextos académicos nacionais e internacionais. 5.- Impulso á continuidade académica, favorecendo a transición natural do alumnado cara a programas de doutoramento ou outras etapas de especialización. 6.- Aumento da motivación e da implicación do estudantado, ao recoñecerse e valorarse o seu esforzo mediante o apoio a iniciativas propias de participación científica. Financiamento: PPara levar a cabo esta acción concorreuse á Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Mestrados Oficiais da USC
----------------------	---

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

	2025, no ámbito de acción tipo "estudantes" con data 9 de maio de 2025. No caso de non ter éxito esta solicitude ou, tendo éxito, ser necesario un complemento económico, recurrirase aos fondos remanentes adscritos ao MELC de procedencia Erasmus Mundus "Crossways in Cultural Narratives" (extinto) cuxo excoordinador, Prof. Dr. Antonio Jesús Gil González, é o responsábel da correspondente partida orzamentario e membro da Comisión Académica do MELC.
Datas	Finalización: 31/07/2026 ; Inicio: 09/05/2025
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	César Pablo Domínguez Prieto, Antonio Jesús Gil González, Comisión de Título

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-05 (Curso 2024-2025)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A comisión académica do Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC) é o órgano colexiado encargado da supervisión, coordinación e seguimento académico do programa. Ata o momento, a súa composición — ademais dos membros natos— baseábase na representación por áreas de coñecemento. Porén, esta fórmula resultaba pouco operativa debido ao elevado número de áreas implicadas no mestrado, o que dificultaba a toma de decisións e non reflectía con precisión a estrutura académica real do plan de estudos. O MELC está organizado en torno a dous itinerarios formativos principais: o Itinerario de Estudo e Edición de Textos Literarios e o Itinerario de Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura. Para garantir unha representación equilibrada, eficaz e alineada coa organización curricular do mestrado, acordouse (Acta da reunión ordinaria da CA do 26 de xuño de 2024, Punto 3) substituír o criterio de representación por áreas polo de representación por itinerarios.
Definición/ descrición proposta	Dos nove membros non natos que compoñen a comisión académica, catro foron designados por cada itinerario formativo, mentres que o noveno membro representa a única área de coñecemento non filolóxica con docencia no mestrado: historia da arte. Este cambio responde á necesidade de reforzar a funcionalidade da comisión, asegurar unha representación real e proporcional dos contidos formativos e mellorar a gobernanza académica do título, permitindo unha xestión máis eficiente e coherente co deseño e a orientación do propio plan de estudos.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Datas	Finalización: 14/05/2025 ; Inicio: 02/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non eficaz; Data Estado: 11/05/2025
Responsables	César Pablo Domínguez Prieto, Comisión de Título